

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/1/2022	GOB16I02F
3U0E0U6H5J015N3T1314	
2 3U0E0U6H5J015N3T1314 } »	
2 3U0E0U6H5J015N3T1314 } »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTESETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a M.DEL MAR BLANCO ROCA
D/D^a JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO
D/D^a ESTRELLA CASTRILLON VIDAL
D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO
D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO
D/D^a SANTIAGO GALEGO CASTRO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

SRA. INTERVENTORA XERAL:D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vinteseite de xaneiro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Aprobada por asentemento.

2 º.- PROPOSTA PARA A RENUNCIA A PARTICIPAR O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE NARÓN COA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL NA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2022.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón ten unha traxectoria de máis de 10 anos con proxectos consolidados e actuacións transversais en todos os servizos municipais.

Para os efectos de manter a achega da Deputación da Coruña para o mantemento do servizo, este Concello vai solicitar a subvención que concede a Deputación da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística para o ano 2022 (publicada no BOP do 28-12-2021).

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol vai solicitar a mesma subvención para os concellos de Ares, Cabanas, Mugar dos, Neda e Valdoviño no exercicio 2022 e faino a nome da Mancomunidade da que o Concello de Narón forma parte.

A base número 7.2 da convocatoria desta subvención establece textualmente que “O concello que forme parte dunha mancomunidade e decida solicitar individualmente ou agrupado a outro/s concello/s deberá achegar o acordo plenario de que non participa coa mancomunidade para este servizo”

Por este motivo, visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade do 18 de xanerio de 2022, o seu Presidente propón ao Pleno, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a renuncia a formar parte da solicitude que presenta a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a subvención que achega a Deputación da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística para o ano 2022.

Segundo.- Notificar o acordo adoptado á Deputación Provincial da Coruña e á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 º.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS NA APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Logo de ver o informe emitido pola administradora-xerente de Deportes de data 11 de xaneiro de 2022, en relación coa aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa por utilización de instalacións deportivas, do seguinte teor literal:

“ASUNTO: RECTIFICACIÓN DE ERRO POR OMISIÓN NA PUBLICACIÓN DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13

Marina Sueiras Rodríguez, administradora-xerente de Deportes, en relación coa publicación da Aprobación definitiva do expediente de Modificación da Ordenanza Fiscal Nº 13, ten a ben emitir o seguinte

I N F O R M E:

- 1- O día 27 de decembro de 2021 publicouse no BOP da Coruña, a aprobación definitiva do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13.*
- 2- Visto o erro por omisión na transcripción do apartado A-3) do artigo 4.1, da devandita Ordenanza, no que non aparece recollido o Pavillón de Sedes.*

Polo que antecede e foi exposto anteriormente é polo que, de conformidade co contido do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, procede efectuar a rectificación do erro na aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal nº 13

Polo exposto anteriormente, emítase o presente informe coa finalidade de elevar ao Concello Pleno, previo ditamen da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas a seguinte proposta:

- 1 – Rectificar o apartado A-3) do artigo 4.1 – Tarifas- do acordo de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 publicado o día 27 de decembro de 2021, que*

Onde dí:

A-3) PAVILLÓN DA MOCIDADE, PAVILLÓN DE PIÑEIROS, PAVILLÓN O VAL E PAVILLÓN DE CASTRO

Debe dicir:

A-3) PAVILLÓN DA MOCIDADE, PAVILLÓN DE PIÑEIROS, PAVILLÓN O VAL, PAVILLÓN DE CASTRO E PAVILLÓN DE SEDES.

2 – *Publicar a citada modificación do acordo de modificación da Ordenanza Fiscal número 13 no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.*”

Polo que antecede e considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, procede efectuar a rectificación de erros na aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa por utilización de instalacións deportivas municipais e a prestación de servizos nas instalacións deportivas.

Diante de todo o anteriormente exposto, e dacordo coa normativa aplicable; visto o ditame favorable por asentamento da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 20 de xaneiro de 2022, o seu Presidente propón ao Concello- Pleno:

PRIMEIRO: Rectificar o erro material detectado no apartado A-3) do artigo 4.1 –Tarifas- do acordo de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 publicado no BOP o día 27 de decembro de 2021, de modo que

Onde dí:

A-3) PAVILLÓN DA MOCIDADE, PAVILLÓN DE PIÑEIROS, PAVILLÓN DO VAL E PAVILLÓN DE CASTRO.

Debe dicir:

A-3) PAVILLÓN DA MOCIDADE, PAVILLÓN DE PIÑEIROS, PAVILLÓN DO VAL, PAVILLÓN DE CASTRO E PAVILLÓN DE SEDES.

SEGUNDO: Publicar a rectificación do acordo de aprobación definitiva da modificación ordenanza fiscal nº 13 no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.

DEBATE

-Sr.Carballeira López: ben, nada, é un erro pequeno que se ten que subsanar e estamos de acordo, no. De todas maneiras, queremos aproveitar para lembrar que nós temos pedida unha modificación sobre esta ordenanza que é a que nos interesa para que se regulen estes espazos, tamén para poder usar gratuitamente polas asociacións veciñais sen ter que andar pedindo favores de ningún tipo co concelleiro de turno, no.

-Sr.Romero Franco: boas tardes a todas e a todos. Volvemos a caer outra vez nos mesmos erros. Creo que facer afirmacións como esas, creo que é unha irresponsabilidade, neste caso política, creo que o explicamos ben claro que as concesións e uso dos pavillóns está ben regulado e non é a través de solicitudes ou peticións a ningún concelleiro. Nada máis.Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 °.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE NARÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En relación ao expediente relativo á Participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, a Sección de Contratación e Obras Públicas, en data 19 de xaneiro de 2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta que di:

“Vista a seguinte normativa e documentación remitida pola Deputación Provincial:

- Circular, remitida a este Concello con data 30 de novembro de 2021, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2022”.

- Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de novembro do 2021 (BOP nº 228, de 30 de novembro de 2021).

As cantidades do POS+2022 asignadas a este Concello para cada uns dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2022	Achega provincial 2021	Préstamo provincial 2022	Total POS+2022
496.928,50 €	523.432,64 €	37.269,64 €	1.057.630,78€

Ao abeiro de dito Plan, é intención deste Concello acometer as seguintes actuacións, tal e como indica a Memoria subscrita pola Alcaldía-Presidencia:

1. Financiamento de gastos de limpeza viaria, con cargo á “Achega provincial 2022”.

2. Execución dos seguintes investimentos financeiramente sostibles, con cargo á “Achega provincial 2021”:

INVESTIMENTO	IMPORTE
DOTACIÓN DE ZONA VERDE CON EQUIPAMENTO NO ENTORNO DA RÚA CAMIÑO DO PEREGRINO	432.808,60 €
AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO EN PARROQUIA DE O VAL (LUGARES DE A MODIA, CRUCEIRO, A PONTE, QUINTÁ)	90.624,03 €
TOTAL	523.432,63 €

3. Execución, en caso de se consolidar os fondos provinciais para a súa financiación, dos seguintes investimentos financeiramente sostibles con cargo ao POS+2022 COMPLEMENTARIO:

INVESTIMENTO	IMPORTE
ACONDICIONAMENTO DE LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE MAIORES DE SANTA ICÍA	261.689,57 €
MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA GARDA	175.993,99 €
MELLORA E ORDENACIÓN DO APARCAMENTO NO ESTADIO DE RÍO SECO	128.346,76 €
TOTAL	566.030,32 €

A citada memoria contén a descrición das actuacións, así como os criterios de selección aplicados para a súa inclusión.

Por outra banda, no informe adxunto subscrito por este funcionario detállase o Plan de Financiamento necesario para acometer ditas actuacións, que contarán con fondos propios e provinciais, no marco das achegas provinciais 2022 e 2021, e a posible aprobación do Plan Complementario.”

Polo anteriormente exposto, vista a conformidade da Intervención Xeral deste Concello con data 18 de xaneiro de 2021 (ICO15I00T) e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes do PP e do BNG; e os votos a favor dos membros de Tega e PSdG-PSOE) na Xunta de Portavoces de data 24-01-2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a aprobación da seguinte

P R O P O S T A

PRIMEIRO: “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) ‘POS+ 2022’** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	496.928,50 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €

Subtotal gasto corrente	496.928,50 €
-------------------------	--------------

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
DOTACIÓN DE ZONA VERDE CON EQUIPAMENTO NO ENTORNO DA RÚA CAMIÑO DO PEREGRINO	432.808,60 €	0,00€	-	0,00 €	432.808,60 €
AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO EN PARROQUIA DE O VAL (LUGARES DE A MODIA, CRUCEIRO, A PONTE, QUINTÁ)	90.624,03 €	0,00 €	-	0,00 €	90.624,03€
Subtotal investimentos achega provincial 2021	523.432,63 €	0,00€	-	0,00 €	523.432,63 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	496.928,50 €			496.928,50 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €			0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022				
	Achega 2021	523.432,63 €	0,00 €	-	523.432,63 €
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022				
	Achega 2022	496.928,50 €			496.928,50 €
	Achega 2021	523.432,63 €	0,00 €	-	523.432,63 €
	Préstamo 2022				
	TOTAL	1.020.361,13 €	0,00 €	-	1.020.361,13 €

SEGUNDO: Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
ACONDICIONAMENTO DE LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE MAIORES DE SANTA ICÍA	261.689,57 €	-	261.689,57 €
MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA GARDA	175.993,99 €	-	175.993,99 €
MELLORA E ORDENACIÓN DO APARCAMENTO NO ESTADIO DE RÍO SECO	128.346,76 €	-	128.346,76 €
TOTAIS	566.030,32 €	-	566.030,32 €

TERCEIRO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



CUARTO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

QUINTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO: Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, pois como ben acaban de nomear as obras que neste caso se levan para a participación dentro do POS empezando pola dotación de zona verde con equipamento no entorno da rúa Camiño do Peregrino, como xa tiñamos planificado xa hai tempo a elaboración dun parque, como tamén se explicou na Xunta de Portavoces para un rango de idade que entendemos que é necesario tamén cubrir esas necesidades para eles e a ampliación da rede de saneamento en parroquias do Val, que son saneamento en vivendas que están así máis aisladas e despois o acondicionamento no Local social, Asociación de Maiores en Santa Icíá que creo que tamén é unha necesidade prioritaria e seguimos tamén coa idea de cidade que entendemos e mellora neste caso co vial da Rúa da Garda e con mellora de accesibilidade, bueno, humanizando dunha forma esa rúa.

E por último tamén levamos o plan de mellora e ordenación do aparcamento no estadio de Río Seco.

Xunto coa achega de gasto corrente que irá destinado ao contrato de residuos sólidos urbanos. Nada máis.

-Sr.Carballeira López: nós con todos os investimentos que veñen plantexados, algúns xa viñan reflexados nos orzamentos, estamos de acordo. Todos, son importantes e como xa dixemos nos orzamentos fan falta moitos máis.

Si nos preocupa que se destinen 497 000 euros a gasto corrente porque como sempre pensamos que é cuestión de non querer traballar o aforrar uns cartos non sei para cando pero esperemos que para as eleccións se vaian a gastar pronto, no.

Pensamos que se necesita moito máis investimento e nos gustaría que se dedicara máis a cousas como o saneamento que vai unha partida de 90 000 euros nada máis.

E nada máis. Imos a votar a favor pero nos gustaría ver incluídos máis investimento e menos para gasto corrente, no.

-Sr.Castrillón Permuy: boas tardes a todas e a todos. Grazas Sra.alcaldesa. Nós xa dixemos na Comisión de Portavoces que nos parece exasurado deixar practicamente 500 000 euros para gastos correntes cando xa lles advertimos na aprobación dos orzamentos que temos uns gastos correntes de servizos moi elevados; é decir, son o 80% dos orzamentos do Concello de Narón.

E polo tanto, non podemos estar de acordo en que queden outra vez 500.000 euros para gastos correntes cando estes fondos que veñen da Diputación son para investir en infraestructuras, en saneamento, en abastecemento da auga, en accesibilidade, en mobilidade sostible e polo tanto, consideramos interesante que foran investidos en proxectos dese estilo.

Así como tamén botamos de menos bueno, Unha falta de transparencia e un contar coa oposición para sacar estes proxectos adiante. Teñen que darse conta que son fondos da Deputación e polo tanto, todos os grupos participamos nesa Deputación para repartir eses fondos, e nos gustaría.... pero xa sabemos que o diálogo do goberno coa oposición de Narón, pois non existe nin quere existir. Pero bueno, vostedes verán.

A nós de verdade que nos gustaría que houbera máis transparencia e máis claridade e aínda que imos a votar a favor porque si que consideramos que hai algunha das obras que se plantexa aquí que as levamos pedindo hai tempo dende o noso grupo, pero si que non podemos estar de acordo nos gastos correntes que deixan vostedes aquí nesta proposta.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: bueno, a ver, varios puntos para aclarar.

Primeiro, evidentemente si levamos unha cantidade de gasto corrente, é porque está permitido levar unha cantidade en gasto corrente, por se hai algunha dúbida de que só se poden facer inversións cos cartos que veñen de alá.

Segundo, comunicación e transparencia e demais todo o que queirades. Creo que en varias ocasións me prestei eu mesmo voluntario a discutir algunhas actuacións de inversións no noso concello sobre todo, en elaboración de presupostos e demais e eu estou esperando aínda que algún membro do Partido Popular se acerque ao meu despacho para ter algún tipo de reunión ou falar de algo. Entón dito esto creo que queda claro a nosa vontade de colaboración.

Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: bueno, nós temos claro que se pode pedir unha parte para gasto corrente. Incluso creo que o 100% este ano, no. Tamén é certo que esta liña de financiamento foi creada para impulsar estas obras e servizos nos concellos. Hai 9 anos, creo recordar, se puido empezar a coller unha parte para gasto corrente porque estabamos nunha época de crise e había concellos que realmente tiñan que usar estes cartos para pagar as súas facturas, no.

E nós en Narón, cunhas contas saneadas e non vemos que é o momento de investir pois non sei cando vai a ser o momento, no. E eso que é un tema que é legal, si claro, que si. Pero que todo o legal non é bo, ou mellor polo menos. Que seña legal non significa que é o que hai que facer.

-Sr.Castrillón Permuy: consideramos que si que pode ser legal que o deixe para gastos correntes efectivamente. Pero o que si é certo é que Narón necesita inversións. E que non podemos seguir incrementando os gastos en servizos correntes, no capítulo I e II para despois ter que os fondos que veñen doutra administración que son para outro tipo de servizos que os utilicen neso.

Nós poderíamos entender que ao mellor uns 100 000 euros, como xa dixemos na comisión.

E despois sobre o tema da transparencia, Sr.Román, o que non pode ser é que vostede vaia desinformado ás comisións e despois nós teñamos que ir a informarnos aos técnicos. Vaia vostede informado e leve documentación ás comisións e entón non teremos que ir despois a xunto os técnicos. Home, non nos faigan traballar a nós o dobre. A verdade é que os que teñen que traballar son vostedes que son os que teñen dedicación no concello. Que da oposición ninguén ten dedicación. Entón non nos queira vender agora que imos ter que ser nós, de ir de segundas, que xa vamos moitas veces, por certo, porque vostede vai desinformado ás comisións.

Esa é a pura realidade. Nada máis.



-Sr. Romero Franco: a verdade é que non entendo esta último intervención porque que ten que ver unha cousa con outra, o que vaia informado ou desinformado ás comisións, co que veñades a falar nalgún momento para pactar unhas inversións dun POS ou dun presuposto. Non creo que teña nada que ver.

Entroutras cousas, porque principalmente nas comisións vos limitades simplemente a abstervos e esperar ao Pleno a debatir calquera decisión.

Por certo, si que cremos que é o momento de investir, pero que nos digades eso, despois do ano pasado levar modificados de máis de 7 millóns de euros en inversión, home pois, acusádenos doutra cousa se queredes. Pero que non investimos para o Concello de Narón, non creo.

Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 °.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE NARÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En relación ao expediente CON/145/2021, relativo á Participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2022, para gastos extraordinarios do exercicio 2022, a Sección de Contratación e Obras Públicas, en data 19 de xaneiro de 2021, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta que di:

“Vista a seguinte normativa e documentación remitida pola Deputación Provincial:

- Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de novembro do 2021 (BOP nº 228, de 30 de novembro de 2021).
- Circular, remitida a este Concello con data 14 de decembro de 2021, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2021”; e en particular, o POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

As cantidades do POS+ADICIONAL 1/2022 asignadas a este concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 son os que se sinalan na seguinte táboa:

Concello	Concello de Narón
Achega provincial POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios	173.924,97 €

Ao abeiro de dito Plan, é intención deste Concello, á vista do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, financiar parte dos gastos soportados por este Concello para a prestación do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de Dependencia.

No informe adxunto subscrito por este Xefe de Sección, detállase o Plan de Financiamento necesario para a prestación do servizo, que se financia con fondos propios municipais, co pagamento dunha taxa polos usuarios e cunha subvención da Xunta de Galicia, ademais da subvención do ente provincial e que é obxecto desta proposta.”

Polo anteriormente exposto, vista a conformidade da Intervención Xeral deste Concello con data 19 de xaneiro de 2022 e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes do PP e do BNG; e os votos a favor dos membros de Tega e PSdG-PSOE) na Xunta de Portavoces de data 24-01-2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a aprobación da seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+Adicional 1/2022	173.924,97 €
Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	173.924,97 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	2.927.400,00	2.214.040,00	713.360,00
T O T A L	2.927.400,00	2.214.040,00	713.360,00

SEGUNDO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DEBATE

-Sr.Carballeira López: pois un pouco o mesmo de antes, no. Outra vez se está buscando tamén unha modificación que se fixo para ... pois tamén pensando nalgúns concellos que podían necesitar os cartos para pagar as súas facturas. Nós se está buscando para gastalo en gasto corrente e será que non hai necesidades especiais. O ano pasado xa decíamos votando a favor que



entendíamos que puidera coller de sorpresa esta liña de financiamento e mirar a maneira máis fácil de non perder os cartos e eso nos valeu para votar a favor, no. Pero confiando en que se cubrirán despois necesidades con eses remanentes, no, e nós durante o ano pois vimos que se pediron diversas cousas que non se cubriron. Hai moito tempo que non vemos uns protocolos Covid, unha axuda a quen a pida, no. Bueno, as asociacións de veciños estaban pedindo protocolos para poder continuar as actividades no caso de ter uns contaxios, incluso co seu responsable Covid. Si, si, que o estaba pedindo.

Despois bueno, vemos chamativo que haxa situacións que se vexa necesario, que nós así o vemos tamén, unha reforma do aparcadoiro do estadio de Río Seco pero non se vexa necesario unha alternativa cando o clube de atletismo ten que estar á intemperie para mudarse ou para o que necesite e por mor das medidas Covid. E ao principio se estivo repartindo comida por voluntarios para as casas pero eso hai tempo que desapareceu e sigue habendo Covid. Seguimos tendo problemas e non se están cubrindo esas medidas.

Entonces penso que este POS adicional para gastos sociais extraordinario, non se están investindo no que o propio título di senón que se está usando para gasto corrente, para o SAF neste caso e nin sequera se está ampliando o seu servizo; só se está pagando con esto unha parte que xa lle pertencía ao Concello.

Entonces nos costa estar a favor este ano porque a ninguén xa nos colle de sorpresa esta liña de financiamento.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra. alcaldesa.

Bueno, pois para este Plan de gastos adicionais extraordinarios, pola nosa parte podemos entender que unha parte dese diñeiro vaia para Servizos Sociais para Axuda no Fogar, pero o que botamos moito de menos é que non se faiga un programa para facer un seguimento ás familias máis vulnerables, incluso a persoas que vivan solas para ver un pouco cal é o motivo e cal é a situación. E creo que é unha falta de ideas, unha falta de traballar, e claro, canto menos traballo menos complicacións e menos quebradeiros de cabeza. Creo que están traballando e facendo unha xestión pública, a máis fácil posible. É dicir, sin complicarse, non vaia ser que presentemos un programa novo e que ese programa nos dé moito traballo, que ese programa non teña esa alternativa que nós pensamos e ese é o tema. Entonces creo que hai que ter máis ideas e sobre todo nestes momentos que o tema social está bastante complicado para moitas familias.

Entonces agora que cando o concello que é a administración máis próxima, ten que botar má destes fondos que veñen doutras administracións e intentar estar próximo a esas familias vulnerables e a esas persoas que viven solas.

Nós votaremos a favor porque entendemos que é necesario e que o diñeiro hai que investilo pero non gustaría que fóra doutra forma. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: a verdade é que é unha pena encontrarse que a propia oposición non sabe nin dos servizos que hai no concello nin os servizos que se cubren.

E por exemplo, acerca dos protocolos das asociacións dos veciños e locais sociais e tal.. dende que empezou a pandemia cada un dos momentos nos que se estaba facendo as modificacións que cambiaba a Xunta de Galicia se foron facendo protocolos para que as asociacións fóran empezando, iniciando as súas actividades, no momento en que as medidas se podían. Entón vir aquí e dicir determinadas cousas pois non podemos aceptalas como boas.

Grazas.

-Sr.Carballeira López: bueno, quizais non me expliquei ben cando me refiro aos protocolos das asociacións non me refiro aos protocolos que se están facendo para limitar os aforos e todo esto.

Refírome ás peticións das asociacións, non sei se tes constancia para que cando hai un problema, mesmo o propio responsable Covid da asociación ou o responsable do local que soe ser quen limpa, ten un problema, ten Covid, está contaxiado, non pode ir, hai que parar todas as actividades da asociación. Aí pediuse un protocolo onde o concello respaldara ou cubrira esa necesidade ou ese traballo que estaban facendo para poder seguir coas actividades. Eso non se fixo.

Tamén as asociacións se viron e pediron axuda na limpeza. Só en casos moi puntuais se fixo pero non un protocolo concreto onde se puido facer unha desinfección polos locais. Nin sequera se axudou con material anti Covid como xeles e felpudos especiais ou estas cousas, no.

A eso me refería. Perdón, se non me expliquei ben.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

6 °.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (RED DTI).

A Sra.alcaldesa di que se retira este punto da Orde do Día e que se tratará nunha sesión posterior .

INCIDENCIA : Sae a Sra. Interventora xeral sendo as 19:23 horas.

7 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE NARÓN A QUE DEMANDE Á EMPRESA CONTRATADA A CORRECTA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR, CO OBXECTO DE EMENDAR A PÉSIMA CALIDADE DA ASISTENCIA PRESTADA AOS VECIÑOS E VECIÑAS DE NARÓN.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE NARÓN A QUE DEMANDE Á EMPRESA CONTRATADA A CORRECTA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR, CO OBXECTO DE EMENDAR A PÉSIMA CALIDADE DA ASISTENCIA PRESTADA AOS VECIÑOS E VECIÑAS DE NARÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O funcionamento dos servizos Sociais do Concello de Narón levan varios anos nunha situación altamente preocupante o que xera unha deterioración constante en detrimento dos nosos/as veciños/as. Dita situación vén referida en relación á prestación do servizo de Axuda no Fogar xestionado por unha empresa privada, adxudicada en setembro do ano 2020 cun incremento importante no prezo hora. A pesar disto, vimos recibindo de forma continua por parte de usuarios/as do mesmo, queixas en relación aos servizos contratados, a calidade da súa prestación así como as franxas horarias nas que os mesmos se prestan. Este servizo básico e esencial non só non mellorou tras a formalización do novo contrato por parte do Concello, senón que "**empeorou considerablemente**", afirmannos distintos/as usuarios/as.

É moi preocupante que o goberno de Narón siga ausente nun tema tan necesario como este tendo en conta a situación que estamos a padecer, así como noutros moitos e abandone aos veciños/as, sen demandar á empresa o correcto cumprimento da execución do contrato formalizado en setembro do ano 2020.

Así mesmo, nos orzamentos do ano 2022, incrementan a partida dedicada á “ Axuda no Fogar”, o cal nos parece moi necesario como así puxemos de manifesto, pero o que debemos denunciar é a súa “**incapacidade para xestionar**”, xa que no ano 2021 “**foron incapaces de executar e por tanto deixaron de asignar aos correspondentes beneficiarios/as que hai en lista de espera no noso Concello, máis de 80.000 horas**”, é dicir uns 800.000 euros, que mellorarían a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Por outra banda, debemos denunciar, situacións tan bochornosas e inaceptables como a daqueles veciños/as que teñen contratado 2 horas de servizos estáselles reducindo a 45 minutos en estado de emerxencia, polo que a lista de espera neste servizo segue crescendo día a día e o equipo de goberno sente **“incapaz de mellorar a situación”**.

As familias senten **“totalmente abandonadas”** por parte deste goberno que non ten capacidade para xestionar un servizo tan necesario e básico para tantas familias de Narón.

A situación é francamente lamentable, porque non están a facer o obrigado seguimento que corresponde á correcta execución do contrato da empresa que está a levar este servizo, e estase permitindo un continuo incumprimento das horas asinadas, na maioría dos casos non se cobren as baixas das auxiliares a domicilio, co que conleva que as persoas quedan sen ese servizos básicos de aseo persoal e coidados e mesmo en moitos casos sen avisar aos usuarios ou persoas encargadas, envíanse auxiliares a novos domicilios sen facer o protocolo correspondente co que iso conleva a ambas as partes. Todo iso lévanos á seguinte conclusión: unha **"pésima"** calidade da asistencia, o cal é **LAMENTABLE**.

Os usuarios/as e familiares afirman sentirse **"vendidos/as"** e culpan ao Concello da situación por **"contratar empresa baixo custo"** e **"permitir o incumprimento do prego de condicións"**.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a **adopción do seguinte:**

ACORDO

Que coa maior celeridade posible e por parte da Alcaldesa desta Corporación, eméndense adecuadamente as cuestións sinaladas para mellorar a calidade de vida dos nosos/as veciños e veciñas, así como encomendar ao responsable do citado contrato que realice un correcto seguimento en canto á execución do mesmo co obxecto de facer todo o posible para que o tempo que queda de execución desenvólvese conforme o establecido nos pregos que foron obxecto de licitación.

E visto o ditame favorable (cos votos a favor dos membros do Partido Popular -3- ; e as abstencións dos representantes de TEGA -4-, PSdG-PSOE -1- e BNG -1-) na Comisión informativa de desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade do 18 de xaneiro de 2022, o seu presidente propón ao Concello Pleno a ratificación do ditame meses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Pereira Beceiro: moitas grazas Sra.alcaldesa.

Boas tardes a todas e a todos.

Todos os días se nos enche a boca de falar do municipalismo, e que as administracións locais, os concellos, son as administracións locais máis próximas aos cidadans e cidadás. E que debemos escoitalos e prestarlles os mellores servizos. Tanto en calidade como en eficiencia. Entre todos os servizos que prestan as administracións locais, o programa do Servizo de Axuda no Fogar é un dos máis importantes xa que ten como obxectivo atender as demandas dos nosos maiores e das nosas persoas dependentes que queren vivir nas súas casas, coa súa xente e queren recibir unha atención adecuada, digna, eficaz e conforme ao esforzo tributario que levan facendo toda a vida.

Os concellos deben priorizar este tipo de programas, dotalos economicamente e dun xeito adecuado nos orzamentos, facer unhas adxudicacións onde a empresa adxudicataria cumpra correctamente co contrato, escoitar ás persoas que reciben esta prestación e facer un seguimento estreito á empresa que presta o servizo para ver se cumpre axeitadamente o servizo e detectar deficiencias no mesmo, ou ben, novas necesidades a cubrir en futuros contratos.

Esto é imprescindible para un correcto funcionamento do programa de Axuda no Fogar.

Pero o que debера de ser normal no noso concello parece que é ciencia ficción.

O goberno municipal dende hai anos decidiu mirar para outro lado. Considerado non prioritario non escoitar ás usuarias e usuarios que reciben unha prestación máis que deficiente e botarlle a culpa de todo a outras administracións, mellor dito, o da culpa é a Xunta, a que por suposto, sempre lle debemos de pedir máis pero que non debemos de esquecer que está facendo un esforzo

extra xa, que o goberno de España non está a cumprir co pactado na Lei de Dependencia e non está ingresando o que debe, pero claro, en Madrid gobernan os seus socios e claro non se poden esixir responsabilidades por aí.

E por que falamos dunha prestación historicamente máis que deficiente?

Porque a incapacidade de xestionar dos nosos políticos fai que non se esté dando a totalidade das horas que figuran no contrato perdéndose máis de 23 mil horas ao mes.

Porque a lista de espera medra e medra de feito, que máis do 50% das familias solicitantes do servizo están nunha lista de espera sen previsión de cando van a recibir porque entre os que os reciben non se cumpren os protocolos cando se substitúen as auxiliares nos domicilios ou non se cumpren os horarios pactados.

De feito, gustaríanos que nos explicaran quen foi o que propuxo o estado de emerxencia para os domicilios. E por que por exemplo, se lles cubren 45 minutos aos usuarias e usuarios que teñen contratados dúas horas.

De feito, foi vostede Sra.alcaldesa, ou foi vostede Sra.concelleira de Servizos Sociais os que autorizaron todos estes cambios ou procesos a empresa?

Advertiuselle nalgún intre por escrito á empresa de todas estas anomalías do servizo?

Por todas estas deficiencias que son exclusivamente do ámbito da xestión política do Goberno Municipal e do seguimento do correcto funcionamento do servizo contratado, solicitamos que coa maior celeridade posible a Sra.alcaldesa, persoalmente tome cartas no asunto e emende adecuadamente as deficiencias sinaladas e outras máis porque as veciñas e veciños de Narón merecen un servizo de Axuda no Fogar de calidade axeitado aos tempos que corren e que lles permita unha calidade de vida dignas, cos seus, nas súas casas.

Moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: o servizo a domicilio está vivindo unha situación dramática e nós non presentamos unha moción deste tipo, fixemos preguntas por Rexistro, unha vez aquí en Alcaldía e somos conscientes de que o concello reuniuse con persoas usuarias que poñían queixas en verán porque é verdade que se estaba dando un servizo que non é axeitado e agora falando con usuarias e usuarios hai xente que dixo que si que había unha mellora e outra que din que non.

Tamén falando co persoal traballador hai moitas queixas da situación que se está a dar.

Nós non cremos que ao mellor unha moción valga para solucionar o servizo a domicilio que de verdade, repito, que está a vivir unha situación dramática e non vai ser o BNG o que se negue a que se mellore ou o que pon a moción. Nós cousas como lamentar nunca a poríamos nunha exposición de motivos e é verdade que se nos respondeu por escrito nunha comisión.

O Bloque Nacionalista Galego pediu facer unha reunión extraordinaria sobre isto e se nos levou a unha comisión ordinaria, non sabemos a situación.

Agora desas melloras das que se falaba si se están a dar ou non. Si que temos que decir que a Xunta é parte responsable, ou sexa, omitir certas cousas é tamén enganar no. Eu son consciente e o Bloque Nacionalista Galego de Narón é consciente que todas as persoas que estamos aquí queremos mellorar este servizo, e creo que nos temos que poñer todas da má e para poder conseguilo e mirar o da empresa e é verdade que lle toca ao goberno fiscalizar ese traballo. Entonces sodes vos no, os que nos tedes que dar esa información e intentar ganar pero un servizo axeitado, pero o que si tamén que é certo é que xa hai un ano o Bloque Nacionalista Galego presentou no Parlamento de Galicia unha iniciativa que por certo o Partido Popular votou en contra reclamando unha mellora do servizo de asistencia a domicilio e do modelo de cuidados.

É máis, o SAF e a situación que está a vivir en Galicia, as condicións dos traballadores e traballadoras, levámolo incluso perante o Parlamento Europeo da má de Ana Miranda.

Cremos que o modelo ten que cambiar e que non vale só votar a culpa a uns e a Xunta é a última que ten que velar por si coñece ese servizo.

Entendo que a situación que se está a vivir en Narón, a Xunta é consciente, igual que está a pasar noutros concellos e que intentará poñer cartas no asunto porque se non tamén estamos ante unha deixadez de funcións porque é verdade que a Xunta debería de ampliar o financiamento, se



queremos que eses traballos, os coidados, que son tan importantes para a vida e para a sociedade estean ben renumerados, traballos normalmente feminizados, verdade, que somos as mulleres, e podemos falar doutros convenios, en escolas infantís, etc. etc. que ao final eses salarios son máis baixos, aí está non, a brecha salarial que din. Hai moita xente que di “eu non vexo esa diferenza” e os homes e mulleres cobrades o mesmo, onde está a brecha?

Pois a brecha está en que hai certos traballos onde os traballos son moito máis baixos e as condicións moito máis difícil. E a cobertura ten que ser progresiva, ten que mudar e a Xunta ten que financiar este servizo.

Repito eh, nós imos apoiar esta moción porque non queremos que se diga que o BNG non quere cambiar o servizo a domicilio. Que sexa esta solución xa sería outro cantar, no.

-Sra.García Blanco: boa tarde a todas e a todos, Sra. Alcaldesa.

Unha vez máis trae o Partido Popular de Narón o tema da Axuda a Domicilio a este plenario do Concello de Narón. Nesta ocasión cunha exposición de motivos na que eles mesmos se contradín en varias ocasións, pensamos que porque aínda coñecendo a realidade do servizo e as dificultades que ten desenvolveo, ven aí unha oportunidade de intentar danar a este goberno.

Empezan falando da contratación da nova empresa cun incremento importante no prezo hora e rematan dicindo que contratamos unha empresa a baixo custo, é curioso ¿cal das dúas cuestións é a correcta? Melloramos o prezo/hora e logo contratamos a baixo custo. Eu non o entendo, polo menos.

O prezo ao que sacamos o servizo foi de 17 euros/hora que non consideramos para nada baixo custo e que se está a ofertar noutros concellos do mesmo tamaño de Narón, que destina no orzamento 2.936.920€, por certo, que é a mesma cantidade que o pasado ano, dado que foi a cantidade pola que se adjudicou a contratación.

Falan da ausencia do goberno de Narón nos problemas do servizo, cando non é certo, porque tanto dende o equipo técnico como eu mesma como concelleira delegada, incluso a propia alcaldesa mantivemos e estamos a manter continuas xuntanzas co persoal responsable da empresa para ver de resolver as diferentes casuísticas que se están a dar na prestación do servizo.

Por certo xa fixemos 2 requerimentos por escrito á empresa para que se preste correctamente, preguntaban dende o Partido Popular, para que lles quede claro.

Si se exise a correcta prestación e a execución do contrato. En cada unha das xuntanzas trasladamos as diferentes queixas e problemáticas que van xurdindo cada día, e que tratamos de solucionar tanto dende a parte técnica como pola parte da que está falando que son eu mesma, falando tanto coa coordinación do servizo constantemente, casi a diario, como coa representación das auxiliares e co propio persoal do servizo sociocomunitario na procura de que o SAF de Narón se normalice o antes posible e que as familias teñan un servizo axeitado.

Polo tanto, estamos a facer seguimento dende todos os estamentos responsables para que se cumpra co contrato e para mellorar o servizo de Axuda no Fogar do Concello de Narón.

En todas e cada unha das xuntanzas se deu traslado á empresa OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. do firme compromiso do Concello de axilizar ao máximo a tramitación das altas das novas persoas usuarias, así como a culminación do proceso de zonificación das auxiliares que prestan os servizos nos domicilios, todo en aras de optimizar os tempos de desprazamento, a mellora nas condicións laborais do persoal auxiliar e favorecer así a prestación do servizo a maior número de persoas usuarias reducindo os tempos de espera.

Todos eses procesos, todo ese traballo estase a facer dende que se sacou a licitación e dende que ganou esta empresa a contratación.

É certo que coa chegada desta sexta ola da COVID-19, produciuse un incremento do absentismo laboral das auxiliares prestadoras do servizo, como casi en todas partes, como no Sergas como en

moitísimas ... incluso no propio concello e en todas partes chegando como consecuencia da facilidade de transmisión de contaxios que provoca a variante Omicron, tanto entre o propio persoal como nos domicilios das persoas beneficiarias, chegando as proporcións próximas ao 45% da plantilla de baixa . De 110 auxiliares, 44 de baixa para prestar e dar ese servizo.

Esta problemática supuxo a necesidade de optimizar os servizos de carácter persoal en detrimento das prestacións domésticas aos efectos de paliar, na medida do posible, a complicada xestión que supón a prestación dun servizo asistencial coa metade, practicamente, do persoal dispoñible. Atendeuse e deuse prioridade aos aseos e a dispensación de medicamentos a todas as persoas usuarias porque para nós o principal son as atencións básicas. Iso supón que non todas as persoas recibiron todas as horas e servizos aos que teñen dereito, e que a empresa deberá devolver ao longo destes meses ese tempo a cada usuario/usuaria concretando coas familias datas e horarios para facelo.

Eu podería dar números e datos de moitas comparativas, pero me parece absurdo, porque o que realmente me preocupa, e nos preocupa ao goberno de Narón, é que as persoas estean correctamente atendidas, ou pensan que nos da gusto ter que recibir a familiares con queixas? ¿de verdade pensan que nos interesa que cada dous meses veñan con esta cantinela aos plenos? ¿de verdade cren que non nos poñemos e me poño na pel desas familias e das persoas usuarias? Pois claro que si, que as temos que recibir, que as teño que recibir, e que teño que falar con elas e que teño que mirarlles á cara e que moitas veces non me queda outra que chorar con eles e con elas pola situación.

Teríamos que ser de pedra ou monstros para que non nos conmoveramos ou que no nos preocupamos por este servizo.

Por desgraza, penso que todos coñecemos a impotencia das familias cando non son atendidas correctamente porque, de seguro, todas e todos temos amizades ou temos familiares incluso dependentes, que dependemos dos Servizos das empresas que prestan o servizo de Axuda no Fogar.

A realidade é que non hai no mercado laboral persoal cualificado para a prestación deste servizo, confirmado e contrastado. Realidade desta situación: de catro cursos de formación que tiñamos o ano pasado para persoal de SAF a Xunta ven de concedernos dous. Non hai persoal no mercado, non soamente no Concello de Narón, en todos os concellos pasa o mesmo. As empresas non teñen persoal cualificado e estanse a recortar os cursos de formación para as persoas, polo tanto, o seu problema vaise agrabar.

A realidade é que este problema é un problema xeneralizado a nivel galego, e non o digo eu, o dixo o propio director xeral da Xunta de Galicia que leva este tema recoñeceunos que é un problema a nivel galego, non a nivel de Narón, nin de Ferrol, nin da comarca. É a nivel de Galicia. E falo sempre de concellos do mesmo tamaño nos que a xestión é similar, polo que a solución pensamos que pasa por que as diferentes institucións nos sentemos e busquemos xuntas a mellor forma para que este servizo mellore e teña unha mellor calidade, para que as auxiliares que o prestan teñan unhas condicións de traballo dignas (agora mesmo non chegan aos 17.000€ brutos ao ano) pois o convenio colectivo leva uns nove anos sen actualizar, non é esta unha cuestión só dos concellos. Non é. E non é só do goberno central. Non é. É de todos. Do goberno central, da Xunta e de sentarnos todos a arranxar este problema.

Eu me pregunto moitas veces ¿por que non se fai cargo a Xunta da dependencia que é a súa competencia e nos deixa aos concellos a libre concorrència que é a que nos corresponde? Creo que a resposta é sinxela.

Quero rematar a miña intervención pedindo desculpas que realmente é a quen me teño que ... e a quen me debo, aos veciños e ás veciñas, e aos usuarios, e usuarias, e non aos partidos políticos que estamos aquí no plenario e na Corporación de Narón.

Entón quero rematar a miña intervención, dirixíndome a eses veciños e veciñas aos que teño que escoitar e aos que teño que atender todos os días, pedíndolles disculpas por todas as inclemencias e problemáticas que teñen soportado durante este Nadal, pola situación que estamos a padecer, por ter a metade da plantilla de auxiliares de baixa médica, co cal non podemos actuar de ningunha

maneira, por non ter persoal de relevo no mercado laboral para poder cubrir esas baixas e poder atender ao 100% os servizos, refírome: limpeza, aseos, e demais, e dende logo, agradecerlles a súa paciencia e a súa comprensión cando esta concelleira os recibe, fala con eles, lles explica a situación na que nos atopamos en cada momento e de verdade que teño que agradecerlles a comprensión e incluso en moitas ocasións, co cariño co que falan con esta concelleira e por suposto, co persoal que me acompaña para sacar adiante os Servizos Sociais deste concello.

Créame que cada día poño o mellor de min para que este servizo saia adiante e mentres sexa a concelleira de Benestar non deixarei de insistir para que así sexa, ese é o meu compromiso e ese é o compromiso do goberno de Narón. Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: bueno, boas tardes de novo. Como os datos matan ó relato, creo que a cidadanía do concello, debe saber cal é o esforzo real que fai cada administración no programa de Axuda no Fogar. E o que fai de esforzo este goberno municipal.

E o primeiro que temos que falar é a lamentable capacidade de xestión deste goberno municipal que deixou sen executar máis de 80 000 horas o ano pasado. Haberá que explicarlle aos veciños e veciñas de Narón por que, os que están na lista de espera, por que non se asinaron a eles esas 80 000 horas? Nunha lista se espera eterna que, por certo, xa estaba moito antes da pandemia e tamén con outros gobernos municipais do mesmo color. Isto non é de erratas doutros políticos. Aproximadamente algo menos de un millón de euros perdidos no limbo que poderían beneficiar a moitas familias que esperan, como auga de maio, que as chamen das listas de espera. Eso por un lado.

Falemos tamén do esforzo económico, ademais vostede Sra.concalleira de Benestar, falou de casi 2.300.000 do servizo pero é que aí non é soamente o goberno de Narón e todas as administracións; certo que no contrato asinado pola Sra.alcaldesa, o 2-11-2020 se aumentou a contía do prezo da hora ata 17,22 euros. Pero, como se reparte o esforzo cada administración? Pois por exemplo a Xunta, a pesares do incumprimento mantido do goberno central do partido socialista co financiamento que ten a obriga do 50% da Lei de Dependencia, está a achegar o 75% do mesmo mentres que o goberno central está co 25.

A Xunta ademais pagou no ano 2021 e tamén para este ano 2022 subiu a hora a 11 euros a hora tras un acordo histórico coa Fegamp dun incremento do 24% da contía, en total , máis de 70 millóns de euros para chegar dentro de 2 anos, no 2024, a 12 euros. Por tanto, a Xunta dos 17,22 xa paga 11. Pero non soamente eso senón que ademais a través da Fegamp, todos os concellos teñen a disposición dun prego tipo para que haxa unha base común estándar na licitación desta prestación.

Se a este prezo se lle suman as achegas do goberno central e agora a do POS provincial provisional que acabamos de aprobar neste Pleno , 173.924,97 euros, e dividimos todas estas cantidades polo número de horas no ano 2021 temos que este concello, o que vai achegar dos 17,22 euros é aproximadamente como máximo en torno a 2,25 euros por hora. É dicir, casi 15 euros o achegan outras administracións. O 2,25 dos orzamentos do concello, que evidentemente será menos desa cantidade porque o que descoñecemos e non as podemos nomear aquí son as cantidades que se lles cobran aos usuarios e usuarias.

Por tanto, estamos a falar aproximadamente de menos de 350 000 euros que será o que empregará o concello para este servizo, cun orzamento de máis de 35 millóns de euros. Con estos datos debería de analizar a Sra.alcaldesa se as arcas municipais non poden soportar un investimento maior para os nosos maiores e dependentes e se comparamos estas cantidades coas partidas noutros sectores evidentemente isto di moi pouco do compromiso deste goberno municipal coa cidadanía de Narón.

Se ademais miramos para outro lado e non lle esiximos á empresa que cumpla co prego, estanse a perder moitas horas todos os meses, máis de 3.000 e non escoitamos á xente que está a padecer .. pois non sei para que necesitan as veciñas e os veciños ó mellor concelleiros ou alcaldes. Ao mellor necesitan soamente técnicos. Moitas grazas.

-Sra.García Blanco: si, simplemente reponder a estas últimas cuestións. Dende o ano 2009 a Xunta non subiu nin un céntimo ata este acordo que acaban de chegar coa Fegamp. Dende o ano 2009 ata o 2021 nin un só céntimo incrementou a súa aportación. Por certo, entón o goberno do Estado era do Partido Popular. No 2009 no, dende o 2009, estivo o Sr.Mariano Rajoy uns cantos anos e me gustaría saber se neses anos que estivo o Sr.Mariano Rajoy lle deu máis cartos á Xunta. Porque parece que soamente é responsabilidade do partido socialista.

En todo caso, en canto ás horas non executadas non é certo o dato que vostede dá. Só lle vou a decir eso. E en todo o caso, o que me preocupa a min é poder dar o servizo correcto e mellor e chegar á máis poboación e resolver os seus problemas, non entrar en todos eses números que dá vostede.

Esixíuselle á empresa por escrito. Se lle requeriu por escrito dende este concello a prestación do que asinamos e do que se asinou no contrato de adxudicación de axuda no Fogar. Estamos tendo todas as semanas, de verdade, xuntanzas por parte do equipo técnico, non me reúno eu soa, nos reunimos todos coa empresa para requerirille, para que o servizo vaia adiante e para que vaia mellor.

Ao mellor, non sei, eu non teño a varita máxica. Dende logo, estamos poñendo todo da nosa parte para que o servizo funcione. A min gustaríame que me dixera coa metade da plantilla de baixa e sen ter no mercado persoas para que as releven, como pode prestar vostede o servizo a casi 300 usuarios e usuarias coa metade da plantilla de baixa. Gustaríame que mo dixera. Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: bueno, cando se pagaba bastante menos, tamén este concello estaba aquí licitando en torno a menos de 15 euros. E no ano 2009 creo que recordamos moitos a Zapatero e a gran crise que non se supo xestionar , moito brote verde. pero afundiú a este país.

Pero para non perder o tempo, simplemente é gordo eh, 900 000 euros perdidos en horas sen executar no ano 2021. Por ineficacia política. Démoslle tamén 0,9% dos orzamentos é o que vai investir este goberno municipal no programa de Axuda no Fogar. Menos de 350.000 euros. Para un total de máis de 35 millóns de euros. Ese é o compromiso real deste goberno municipal que cada día parece que se vai achegando máis aos plantexamentos doutra esquerda en vez de coidar e apoiar aos nosos maiores e dependentes.

Para isto non fai falla políticos. E se non saben ou non son capaces de xestionar o programa de Axuda no Fogar dende este grupo municipal pois dámoslle unha proposta que combina a xestión e transparencia. Sra.alcaldesa, nomee unha comisión formada por todos os representantes de todos os grupos políticos presentes nesta cámara, para estudar, para xestionar este programa que é vital para os nosos maiores que seguro que entre todos o imos a facer seguramente moito mellor. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: o que non podemos facer realmente é cubrir nosoutros mesmo porque outra solución creo que no. Vostede o decía, o estado de emerxencia e llo aclaraba a Sra.concalleira, é dicir, é un estado de que nunha situación dunha pandemia que hai o 50% das traballadoras que están de baixa, créame que dar un servizo ... vostede o decía, é dicir, utilizo a palabra “estado de emerxencia” non insisto porque realmente digamos o que digamos, vostedes trae ese mantra de “repíte esas cifras” , considera que son así e máis alá do que é a realidade. E sempre utiliza eses datos, é dicir, acaban de incrementar ese prezo/hora este ano, é dicir, hai 6 meses. Ata agora era de 9,70 euros o que facía a aportación da Xunta de Galicia. Se poñen en dúbida o que estou decindo facilítolles un informe da xefa do servizo sociocomunitario onde lle vai a clarificar exactamente cal era a aportación que facía a Xunta de Galicia.



E con ese acordo que se chegou a través da Fegamp por facer esas presións dos concellos que nos veíamos afogados, que non eramos capaces de ter ingresos con respecto a eso, conseguíuse eses 11 euros/hora.

-Sr.Pereira Beceiro: comentarlle que o acordo coa Fegamp, ese espléndido acordo, os 11 euros é con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2021.

-Sra.alcaldesa: claro. Lle dixen máis ou menos hai 6 meses. Igual son sete, vale.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, NON aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: A favor 2

QUEDA REXEITADA ESTA MOCIÓN.

8 %- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DO INCREMENTO DA SEGURIDADE NOS PASOS DE PEÓNS. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en pleno.

Exposición de motivos:

Os pasos de peóns constitúen un punto clave nas cidades, é o entorno no que se encontran os viandantes e vehículos, onde se producen tamén a maioría dos incidentes. No 2015, segundo a DXT, o 67 % dos peóns falecidos en accidentes de tráfico foi en zonas urbanas. Segundo un estudo realizado por compañías aseguradoras, o 15 % dos atropelos graves e mortais ocorren nos pasos de peóns.

Isto lévanos a pensar que o sistema actual de sinalización horizontal dos pasos de peóns, que pasa simplemente polo pintado dos mesmos na calzada, non logra informar debidamente aos condutores cando se achega algún viandante a cruzar o mesmo. Ademais do deterioro que sofren estas pinturas en pouco tempo que requiren un gran mantemento. Se a isto engadimos que non é aconsellable a colocación de semáforos en moitos tramos pola súa utilidade e a densidade do tráfico e a escasa ou nula iluminación que teñen, isto lévanos á vulnerabilidade dos peóns nos pasos estáticos.

Os pasos de peóns son esenciais en rúas e estradas sendo **prioritario o paso dos viandantes** e é moi necesario aumentar a seguridade nos mesmos.

Hoxe en día uns dos modelos de pasos de peóns máis seguros son os **pasos de peóns elevados** e os **pasos de peóns intelixentes**. Os primeiros lévanos a incluír un resalto ou elevación na estrada que obriga aos vehículos a extremar precaucións e reducir a súa velocidade, sendo recomendable non pasalos a máis de 20 km/h, aínda que non se divisen viandantes nas inmediacións. Aumentan tamén a accesibilidade peonil xa que elevan o terreo e os pasos quedan, en moitas ocasións, ao nivel das beirarrúas.

Os **pasos de peóns intelixentes** son pasos de peóns que levan incorporado un sistema de iluminación por sensores de xeito que cando os peóns se achegan as luces avisan aos condutores, e ao resto de persoas que hai no arredor evidentemente, pero durante o resto do tempo permanecen apagadas.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG propón os seguinte **ACORDOS**:

1.- Instar ao goberno municipal a incrementar a **seguridade dos pasos de peóns mediante a **iluminación** dos mesmos e a instalación de **pasos de peóns elevados en todos os que sexa posíbel ou pertenzan a estradas e rúas de competencia municipal**.**

2.- Instar ao goberno municipal a **estudar a posibilidade da colocación de pasos de peóns intelixentes nas zonas onde máis incidentes se producen.**

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor dos representantes de PP e BNG; e as abstencións dos de Tega e PSdG-PSOE) da Xunta de Portavoces do 24 de xaneiro de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a ratificación do ditame meses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: grazas alcaldesa.

Recoñezo que o dato que vou dar soubeno hai uns días pero agora que a veciña Ferrol vai iniciar un proxecto piloto para facer pasos de pións intelixentes agora de cara a primavera, creo que é importante que en Narón non nos quedemos atrás.

Ademais temos problemas, sabémolo todas e todos coas zonas para cruzar mesmo nas zonas que rodean o noso concello, no.

E se imos á zona rural hai maneiras de traballar as rúas, as estradas, para que os coches teñan que estar vixiantes que sexan as persoas que camiñan as que teñan prioridade. Mesmo eu, sempre o digo, no. Para a rúa 25 de xullo, que cruzamos, no, sin ir aos pasos de pións pero que si fose zona 20, que eso obrigaría a non poder ir máis de 20 Km/h nunha zona onde claramente é residencial e onde hai locais de ocio e locais comerciais e aparte terían prioridade as persoas, sería xa o coche, tería que estar avisado sobre eso.

Esto traballase e é verdade que hai que estudar os proxectos pero tamen é o momento de levalo á práctica e non nos preocupemos, dixeran o de Ferrol pero a verdade é que van empezar só con 3 puntos.. o mesmo, podemos poñer un exemplo que xa no 2020 o Concello de Carballo fixo un proxecto piloto e iniciou con 48 puntos de pasos de pións intelixentes con zonas elevadas porque é importante no, que eu sei en zonas que se está facendo en Narón pero deberíamos de incentivar máis ou de elevar os pasos de pións para que sexan os coches os que teñen que aminorar non as persoas que camiñan ou que van nunha cadeira de rodas as que se teñen que meter nunha estrada, no. Son pequenas diferenzas que fan avanzar e como cidade que camiña que somos, cremos que é moi importante. Entonces o concello de Carballo fíxoo cofinanciado coa Deputación, non imos a ser nós o Bloque Nacionalista Galego, que estamos na oposición, decirvos como cofinanciar esto, pero hai maneiras de facelo e agradeceríavos que votaredes a favor, igual empezando con Ferrol, non é a mellor maneira, pero xa digo que só empezan con 3 puntos, ou sexa, que creo que é fácilmente superable e que o facemos porque cremos que a mobilidade é moi importante e que Narón, ten que dar pasos, os está facendo nalgún sentido pero é que temos que avanzar e por iso estamos presentando esta batería de mocións que é verdade que se vedes o mes pasado presentamos outra, como só podemos presentar dúas por mes, pois imos facendo cousiñas así, pleno tras pleno, e a ver se conseguimos o que nós consideramos que é un obxectivo primordial para a nosa cidade.

-Sr.Castrillón Permuy: referente a esta moción presentada polo BNG o noso grupo no mes de novembro, o 9/11/2021 presentamos unha proposta por Rexistro que a contestación foi non contestarnos, manter a calada por resposta. Solicitando que se realizara un estudo sobre os pasos de pións existentes no Concello de Narón para aumentar a visibilidade dos pións, ciclistas e os propios condutores. Hai varios exemplos que puxemos na Estrada de Castela, na estrada de Santa Icíá, na Estrada da Gándara, Longras e na rúa Rafael Bárez.

Bueno, nós metimos ese escrito porque loxicamente Narón necesita unha revisión nese campo importante e era unha forma de o que fixemos no mes de novembro para que dera tempo a que o Concello habilitara unha partida nos orzamentos do ano 2022. E visto que parece ser que eso non é interesante pois non vemos esa partida e agora o Bloque Nacionalista Galego copiando un pouco



a nosa idea, pois presentou esta moción. Loxicamente nós imos a votala a favor porque estamos de acordo e ademais é moi necesario e ademais necesario con urxencia. Porque ademais nestes meses que temos pouca luz solar, e despois cando chove cada vez é máis difícil que haxa visibilidade en determinados pasos de pións.

Polo tanto, a iluminación, que hai varios sistemas para facelo, e a colocación ás veces nalgúns lugares distintos pois podería solventar moitas dificultades e moitos problemas que están tendo tanto os pións como os propios conductores porque non ven con distancia suficiente ao pión e despois, a veces, algún pode parar pero o que ven detrás pode ocasionar algunha colisión con ese vehículo. Polo tanto, é unha alternativa que cremos necesaria e o noso voto vai a ser a favor loxicamente.

Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: bueno nos agrada, agradecemos tamén que por parte da oposición nos recoñezan que Narón xa está traballando neso e xusto por ese motivo, claro non podemos votar a favor porque precisamente xa levamos tempo traballando neso , na elevación dos pasos de pións e por suposto no tema da iluminación.

E como xa se dixo na Xunta de Portavoces se probaron determinadas maneiras, estanse estudando outras e evidentemente se seguirá esa liña de traballo porque entendemos que si que é unha necesidade, xa o levamos comprobando dende hai tempo e por suposto que seguiremos traballando nesa liña.

E por suposto, se manifestou que si queríamos algunha cousa da Xunta de Galicia que poderíamos ir da mán do seu portavoz, bueno, pois animalo a que estas medidas tamén se fagan na estrada de Castela que é competencia da Xunta e que estaríamos encantadísimos de que se fixera tamén esa labor nas que sexan da súa titularidade. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, levades tempo estudando pero nós o que queremos é que non haxa só boa vontade senón que o levedes á práctica e é verdade que recoñecemos un traballo e que agora somos cidades que camiñan, por certo, grazas a unha moción que presentou o Bloque Nacionalista Galego e neso camiñamos e xa que falei de Carballo vou a parafrasear a compañeiros e compañeiras miñas ... ademais fala da oposición e do noso traballo “xa lle gustaría ao concello de Carballo ter unha oposición como ten o Concello de Narón” e aquí que cada quen saque as súas conclusións.

-Sr.Castrillón Permuy: paréceme ben Sr.Román, pero gustaríame que me identificara e me nombrara algún deses que modificaron e que lle puxeron iluminación. Gustaríame que mo dixera.

E sobre o que comenta da Xunta na Estrada de Castela, non teño problema algún porque a Xunta o faiga. Agora, creo que haberá que facer os trámites correspondentes, se lle corresponde. Pero eu creo que a seguridade vial é competencia do concello. Pero ímoslle crer, eh. Non se preocupe. Pero faigan os trámites correspondentes para que o faga a Xunta na Estrada de Castela, para que o faiga a Deputación na estradas da Deputación e para facelo vostedes nas carreteras locais.

Se non temos ningún problema, se nós non lle estamos decindo.. nós estamos pedíndolle un estudio e despois quen o teña que facer e quen o teña que decidir, xa se verá.

Eso sería o principal. Facer un estudio e despois a cada administración correspondente esixirlle o que lle corresponda.

Con eso estaríamos seguro que satisfeitos tanto o BNG como o PARTIDO POPULAR. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: só vou poñer un exemplo pequeno. Queríamos pouca cousa: aparcamento disuasorio de Xuvia, poñer 2 liñas así pequeniñas, que o pintamos nós para poder xirar á má esquerda. Pois temos que pedir permiso á Xunta de Galicia e non nolo conceden. Dúas liñas pequeniñas para poder xirar á esquerda. Nunha zona segura, nunha recta, non é perigoso. Pois non nolo permiten. Nós pedimos cousas á Xunta pero a Xunta con nós, non sei que lles pasa que ... grazas.

-Sr.Castrillón Permy: Sr.Román, estamos falando de semáforos, non estamos falando

-Sra.alcaldesa: un minuto, Germán. Pedira Olaia falar....

-Sra.Ledo Díaz: non ía pedir, pero agora como comentaches de Xuvia e eu son de Xuvia, pois teño que falar, no.

Falamos de camiños escolares seguros, por exemplo, gustaríanos que hai certas zonas dos camiños escolares seguros, desaparecen no. Hai unha beirarrúa, de repente desaparece e hai unha estrada, non sabemos se os nenos se teñen que incorporar a estrada, dan un salto... pasa por exemplo, na estrada cerca de San Xiao e gustaríanos que as pintadas dos camiños escolares seguros non estiveran tapados por unha terraza cuberta.. polo menos mover a baldosa para que a xente saiba que os nenos non teñen que pasar de un lado a outro. Tamén nos gustaría por exemplo, que a praza do concello en Xuvia agora que por fin se fixo unha rampita para poder acceder, non fose escondida e non estivera ao lado dun contenedor e tivera este ancho porque ao final pasa o mesmo, no, hai xente en cadeira de rodas nesa zona de Narón que ao final coma sempre por onde vai é pola estrada. Entonces, home, hai cousas para mellorar e nesas estamos. Pero non poñades así exemplos, porque nos obrigades a intervir.

-Sr.Castrillón Permy: de verdade que é sorprendente que non me deixe nin rebatirille. Parece que lles preocupa que falemos. Non se preocupen Sr.Román e Sr.Guillermo, que vou ser suave. Que ademais a educación está por riba de todo.....

-Sra.alcaldesa: .. voulle deixar que falen. Pero realmente sempre tratan de buscar esta confrontación, de que se vos cortamos a palabra, se non, por favor, hai un regulamento. Eu agradecería que o respetaran, e así, vos gustará máis ou vos gustará menos pero é o que temos. Fale e logo lle damos a palabra neste caso á portavoz do grupo do BNG que é a que presenta esta moción para que logo peche ela. Pero agradecería, por favor, que respetáramos eses turnos e as intervencións.

-Sr.Castrillón Permy: grazas Sra.alcaldesa. Vou a ser breve. Ten vostede que perdonar pero é que home, o que non está ben é que nos desvíemos do punto que temos enriba da mesa, e do que estamos tratando. Estamos falando de semáforos e a eliminación de semáforos e me falan de aparcamentos.

E ao mellor ese aparcamento non ten agora a saída e a entrada correspondente porque igual cando se licitou e se sacou a concurso ou se se fixo por obra directa ao mellor non se tiña os permisos sectoriais correspondentes para que se autorizara a facer ese xiro. Porque está claro. Vostede o que está pedindo non cumpre as normativas de tráfico, da regulamentación de carreteras. Teno claro, verdade que si? Porque así lles contestaron. Argumentándolles por que non lles autorizaban o xiro á esquerda alí. Hai unha curva próxima que non ten a distancia suficiente.

Home, non queiran enganar.

Non queiran enganar, non queiran ir en contra da realidade. Eso é o que pasa. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa por puntualizar. Uns metros máis adiante se permite ese xiro. E que diga que aí hai unha curva, por Dios, que todos sabemos a recta, rectísima que existe nesa zona



porque queira ou no, os que estamos aquí algo de Narón coñecemos, eh, que alí que diga que hai perigo e cando se autoriza o mesmo e uns metros máis alá. Por favor, de verdade, eh.

Pasamos a votar .

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, NON aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: A favor 2

QUEDA REXEITADA ESTA MOCIÓN

9 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL. -Lida polo

secretario xeral a proposta que di así: “**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o **Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación , a industria cárnica é:**

- **A terceira en canto a número de empresas** que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.
A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, **o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores** (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).
É dicir, **esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.**
- **E en 2020 achegou case 9.000 millóns € de exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.**

Se falamos de eficiencia, sustentabilidade e respecto ao medio ambiente e ao benestar animal, **a produción gandeira de carne representa unicamente o 5,8% do total de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro a nivel mundial;** o 80% das cales se producen en países en vías de desenvolvemento.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE) -a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con

obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, **Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar**, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, **que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados** (“... they export this poor quality meat from these ill- treated animals”).

Unhas declaracións que como podemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, **son rotundamente falsas** e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, **non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca a unha das industrias alimentarias máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambientes, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo por centos de miles de españois e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento.**

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun **Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marchas medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.**

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Narón, presenta as seguintes:

PROPOSTAS DE ACORDOS

PRIMEIRO. – Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

SEGUNDO. Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

TERCEIRO. – Recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros españois así como dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos para facer que o sector gandeiro cárnico adaptácese ás novas esixencias, regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria alcanzando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias.

E visto o ditame Desfavorable, polo xogo do voto ponderado, (cos votos en contra dos membros de Tega; as abstencións dos representantes de PSdG-PSOE e BNG; e o voto a favor do portavoz do PP) na Xunta de Portavoces do 24 de xaneiro de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a ratificación do ditame meses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: moitas grazas Sra.alcaldesa. Pois presentamos esta moción, imos a facer a exposición de motivos.

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación , a industria cárnica é:

- A terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.
A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).
É dicir, esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.
- E en 2020 achegou case 9.000 millóns € de exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Se falamos de eficiencia, sustentabilidade e respecto ao medio ambiente e ao benestar animal, a produción gandeira de carne representa unicamente o 5,8% do total de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro a nivel mundial; o 80% das cales se producen en países en vías de desenvolvemento.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE) -a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados.

Unhas declaracións que como podemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsos e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca a unha das industrias alimentarias máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambientes, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo a centos de miles de españois e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marcha medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministros.

Non se pode entender o ataque continuo por parte dos ministros do goberno de España ao medio rural e aos sectores da agricultura e gandería deste país.

Un ministro de goberno non pode facer unhas declaracións tan irresponsables como fixo Garzón.

Irresponsable porque está poñendo en risco máis de 2 millóns de postos de traballo e ao cuarto sector industrial de España, fundamental na economía rural e na loita contra o despoboamento.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Narón, presenta as seguintes propostas dos acordos que acaba de dar lectura o Sr. secretario.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: moi boas. Xa dixemos no anterior Pleno, non entendemos estas mocións que trae o Partido Popular, o Partido Socialista falando de cousas que realmente son alleas.

Ten a Xunta de Galicia a oportunidade de legislar a favor da gandería deste país que ten as súas características diferenciais co resto do estado español e aquí o que lle preocupa son as declaracións dun ministro que por certo, a nós o que nos preocupa é que ese ministro declara e non legisla porque hai moitas cousas que hai que legislar e que hai que falar das granxas intensivas e aquí non legisla ningún. Facemos unhas declaracións e poñemos un debate de quen está a favor e en contra.

E chega a dereita española para utilizar uns debates que o que fai é ir en contra da carne que supostamente defende, que claro temos ao Sr. Casado, aquí sacándose unha foto nunha granxa extensiva cando falando do ben que se fai na gandería intensiva.

O problema deste país é outro. A xente da gandería de Galicia leva meses clamando porque temos un problema de prezos. E un problema de prezos da xente que o está a facer ben e cumprindo as condicións da Unión Europea e este pacto verde europeo, porque logo mezclamos nas mocións do que hai entre todos e todas, son unhas granxas intensivas que están facendo que os prezos non sexan os axeitados para a xente que traballa.

E cando falo que diferenza en Galiza, vouvos a poñer un dato. O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria no noso país.

No estado español é o 17,5. Estamos a falar de que hai lugares neste país onde despois das pensións, porque eso tamén o dixen nun Pleno, que só existe un concello onde o sector maioritario sexa o sector primario, que é a da Illa de Arousa pero si temos concellos do interior, Cervantes, Folgoso do Caurel, Castro de Rei, Quiroga, etc. etc. que despois das pensións, o seu sector principal é o agrogandeiro.

E temos a oportunidade, ten aquí a oportunidade o Partido Popular, o Partido Socialista de falar da situación na que estamos e o que traemos é unha moción de fóra que nada ten que ver coa situación que estamos a vivir e o digo, porque por exemplo, a produción maioritaria de carne, de bovino e ovino que hai no noso país coas súas indicacións xeográficas protexidas son extensivas.

Temos 20.000 granxas extensivas de carne, vacun ... por certo, podíamos falar tamén do que está facendo tamén o estado español a respecto dos puríns e como quere grabar ao sector vacun que nos afecta enormemente porque o estado español decidiu que o porcino, que é o que máis contamina, non apareza nesas contabilidades da Unión Europea. Por que? Oíe, que nós tamén temos porcinos, eh, e estamos ben orgullosos. Porque hai unha presión no estado español do sector porcino pero a quen non beneficia é precisamente a Galicia.

Unha vez máis Pedro, Pablo legislando, traemos mocións, facemos un avariado, e o que perde é este país.

Que nós somos persoas positivas, eh. Sabemos cunha vez que se cambie a Xunta de Galicia, que esas persoas, que non temos que estar esperando a que morra a xente para ir pechando parroquias no noso país. Porque hai futuro, hai futuro nas granxas extensivas.

Pero o que non podemos é vir aquí a facer unha mistura e dicir que todo é o mesmo. E ollo, que coñezo xente que ten tamén granxas intensivas porque eu teño a sorte no meu traballo de percorrer este país e coñecer por exemplo, en Ourense, Calvos de Randín na fronteira con Portugal, esa provincia que leva gobernando o Partido Popular toda a vida e xa vemos as consecuencias. Por certo. Se queres quedarte a vivir alí cando xa te pecharon a escola dos teus fillos, cando non tes centro de saúde, cando non tes ningún servizo, ven unha empresa grande e che di "oíe, pon aquí 100 000 polos intensiva, e por certo, hipotécate con 1 millón de euros. E hai, resulta que unha



persoa que aínda que o estén espulsando como nos están espulsando dos nosos territorios, que decide quedarse hipotecándose 1 millón de euros.

Eso é o que están facendo as políticas da Xunta de Galicia do Partido Popular.

Entonces non veñamos aquí coas declaracións dun ministro, que repito, que fai unhas declaracións que pode ter moita razón pero o problema é que ao final non lexislamos e aproveitemos o que está a suceder para falar do ben que se fai neste país e para ver cal é a situación na que está.

E que non se separen as mesas de contratación porque aquí o que pensamos é que claro, ao final o que nos interesa eucaliptos, proxectos de macroeólicos, pensionistas... Oie, eu non critico a xente que pon eucaliptos eh, entendo que se tes un territorio que non utilizas, polo menos, que che dé un recurso pero eso é porque non hai outra saída. Ou estamos repoboando o rural porque nos estamos forrando cos eucaliptos pero claro é que temos unha Xunta de Galicia que di de que nos asustamos se só o 30% do territorio galego vai ser afectado pola causa eólica.

E eu penso: o 30% dun país. E veñen vostedes a falar dun ministro e a mixturar unha cousa coa outra. Home, por favor.

Sexamos serias e serios. Aproveiten que están gobernando na Xunta de Galicia. Aproveiten para que este país teña futuro. E se non seguiremos, porque bueno, vou a parafrasear ás tanxugueiras no, *“resulta que viñemos para quedarnos e sabemos cal é o futuro deste país”* e o futuro é posible con outro goberno.

INCIDENCIA: Sae o Sr.Romero Franco ás 20:14´e volta ás 20:16´.

-Sr.Pita Breijo: bueno, boa tarde a todas e a todos.

Sr.Castrillón, como xa lle dixen, esta moción chega tarde. O Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación xa corrixiu e aclarou o dito polo ministro Garzón e deu o seu maior apoio a todo o sector gandeiro español e a toda a poboación do rural vinculada ao mesmo.

Creo que as declaracións do ministro se quitaron do seu contexto e o único que intentaba era seguir na estratexia de modernización e avance das empresas gandeiras.

Sabemos que a produción de alimentos en España, como país membro da Unión Europea, está suxeita aos máximos requisitos en materia de benestar animal, sustentabilidade ambiental, hixiene e seguridade alimentaria.

As autoridades competentes, as comunidades autónomas e o Estado, están obrigadas a garantir que os produtos que se poñen no mercado, interno ou de exportación, cumpran con estes requisitos pois, doutra maneira, non poderían comercializarse. O Goberno está ao lado dos gandeiros e as gandeiras, dos agricultores e agricultoras que é o seu medio de vida. Un medio de vida do que se fala, en ocasións, coa distancia que proporciona o vivir nunha sociedade urbanizada. Como ben dicía, o desenvolvemento da gandería nos próximos anos, tanto no contexto europeo como no internacional, virá marcado polo maior esforzo para incrementar a súa sustentabilidade ambiental, a súa achega á mitigación do cambio climático e a súa resiliencia fronte ao mesmo. O Goberno de España aposta polas explotacións familiares, que contribúen de maneira tan importante ao mantemento dun medio rural vivo e a fixar a poboación no campo.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ten o compromiso de traballar, en colaboración cos representantes dos sectores e das comunidades autónomas, como se está a facer, na procura do equilibrio necesario, do crecemento sostible e a modernización das nosas explotacións, tanto a través das correspondentes normas de ordenación nos distintos sectores gandeiros, como no marco do futuro Plan Estratéxico Nacional da Política Agraria Común (PAC) . Grazas.

-Sánchez Fojo: boas tardes a todos e a todas.

A min ás veces, esto de traer mocións ao Pleno cada partido ten a opción que cré conveniente para traer unha moción ao Pleno. Pero a min esta moción ao Pleno que a traía o Partido Popular me estrana moito. A min se me trae un partido que se chamara “partido liberal neofascista popular de Galicia” entendería pero o Partido Popular que está gobernando en Galicia, o decía antes a compañeira Olaia, me estrana que traía unha moción para rebatir a un ministro. A un ministro de Agricultura cando as competencias as ten a Xunta de Galicia.

Aquí o problema non é o ministro Sr.Garzón, no. Aquí o problema é que hai unha tirantez e un xeito de poñer ás ganderías e ás agriculturas industriais e intensivas son as que están mandando neste país. E son os lovies que están poñendo e quitando as políticas agrarias e gandeiras no estado español. Porque na Xunta o que diga o estado español vai a misa e as súas competencias pasan olímpicamente delas.

Por eso creo que na súa forma algo fixo ... porque o outro día vendo a televisión de Galicia, escoitei que de casualidade decía que a Unión Europea vai a tomar medidas para que a carne que se venda a partir de agora veña marcada, de onde procede e se é estensiva ou intensiva. Pero eso é para o 2024. E eu que non garzoniano, me importa tres pimientos e a Terra Galega Garzón, creo que esto non é unha moción de traer a un Pleno algo imposto dende Madrid porque ademais o dixeron na televisión, que vamos a meter “ en todos los ayuntamientos de España vamos a ver esta moción”. Paréceme que é xogar coa xente, cos políticos e chamarnos imbéciles.

Terra Galega non vai intervir máis neste punto e vai a votar que no a esta moción. En todo caso votará que si a como ven refrendado da comisión.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, como vexo que ós partidos que goberna o concello, lles preocupa pouco esto voume dirixir un pouco máis ao Partido Socialista, parece ser que o debate é entre o Partido Socialista e o Partido Popular.

A verdade é que Sr.David e os seus propios compañeiros do seu partido e algún que é presidente dalgunha Comunidade autónoma pediu o cese de Garzón. Como é o Sr.Javier Lambán en Aragón. O seu propio presidente nunha comparecencia ante a prensa tamén dixo que “ *a mi donde me pongan un chuletón al punto, eso es imbatible*”.

Polo tanto, creo que o seu propio partido non está de acordo con Garzón. Outra cousa é que vostedes ou co seu presidente de goberno non teña capacidade para cesar a Garzón. Eso pode ser. Teñen acordos, que ao mellor non ten esa capacidade.

Ou pode pasar a seguinte cuestión: é que o Sr.Garzón estea facendo o traballo sucio ao partido socialista, que tamén pode ser, no.

O que si está claro, é que unha vez máis o Sr.Sánchez, pois, unha nova espantada ao país, no. E o goberno novamente, outra vez, se desmarca de si mesmo e non fai nada. Por exemplo, e non podemos entendelo. A un ministro non se lle desautoriza, se lle cesa.

Como pode un goberno decir na rolda de prensa do Consello de Ministros que se desmarca das declaracións dun dos membros dese mesmo Consello de Ministros? Eso nunca visto.

Un ministro é en todo momento e debe de asumir responsabilidades. Máxime se a súa negligencia prexudica a máis de 2 millóns e medio de cidadáns traballadores e honrados.

- Se o que dixo Garzón é falso debe dimitir ou Sánchez debe cesalo inmediatamente e rectificar públicamente.

-Se o que dixo Garzón non é falso debe cesar o Ministro de Agricultura responsable de consentir que se incumpran as normas nacionais e europeas de benestar animal e seguridade alimentaria en España.

Vostedes din unha cousa e fan a contraria!! Entón non sabemos moito a que atenernos.

E referente a TEGA é sorprendente Sra.alcaldesa, que se poña vostede en contra deste sector primario. É sorprendente.



A verdade é que en Narón non temos moitas explotacións. Pero aínda así as poucas que temos, hoxe podemos comprobar que o seu goberno non as vai a defender. E menos a Sra.alcaldesa e menos, o Sr.portavoz que falou desta moción.

E que agora dubide vostede das declaracións do ministro cando están escritas, realmente sorpréndeme. Ou se equivocou de revista, ou se equivocou de periódico ou de día.

A verdade que este apoio dun partido local como TEGA, di moito do lado que están e do que aspiran. É recibir órdenes de Madrid e favorecer a extrema esquerda abandonando a economía local, e é máis, abandoando aos seus veciños e veciñas levando a que Narón se converta nun deserto na zona rural, como está ocorrendo en parte xa dos polígonos industriais.

Podería ser entendible se as inversións do goberno podemita chegaran a Narón con certa normalidade. Pero dende logo, nos orzamentos do 2022 non se reflexan.

Unha vez máis pon por diante os intereses ideolóxicos antes dos intereses xerais e do benestar das persoas. Empezando polos seus veciños e as súas veciñas de Narón.

Estas actuacións claramente sitúanna na extrema esquerda. De verdade, máis a esquerda do seu equipo de goberno.

Algo sorprendente por parte dun partido Local, sendo o maioritario do Goberno que preside, tendo a extensión maioritaria do seu concello en zona Rural.

É increíble que voten en contra desta moción.

Apoiando un Ministro como é Garzón, coas súas declaracións está desprestixiando os produtos Españois e neste caso concreto o sector gandeiro e os produtos do sector Cárnico de Narón.

Aínda que non quedase só nos produtos cárnicos, todos somos coñecedores o fácil que é desprestixiar os produtos para que se deixen de vender.

O difícil é volver a conseguir que ese produto entre no mercado e se volva a vender. A non ser que o Sr.ministro teña intereses noutros beneficios, noutros países, pode ser.

Non sería extraño.. andaremos e veremos....

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: o problema de non ter un modelo fai que haxa explotacións que pechen. O problema de dicir unha cousa e máis dicir a outra, é que igual se manteñen no poder pero este país non progresa. E ese é un grave problema. Non ter un modelo. O que non pode dicir é que agora coa suba de combustibles, co da electricidade etc. etc. haxa explotacións familiares que teñan que estar pechando mentres por exemplo, en Burgos, se permita unha... porque hai intensivas e intensivas, unha intensiva con 5.000 vacas. E digamos cunha intensiva, en Galiza son 150 vacas. O que non é normal, é que nos estén vendendo produtos en porcino con porcos, que non ven a luz do día nunca e que se alimentan de piensos utilizados. O que non é normal é o que se está contaminando nas granxas intensivas. Eso non é normal. O que non é normal é que as macrogranxas xeren problemas no territorio galego e obriguen a baixar os prezos a quen fai ben as cousas.

O problema é que temos unha Xunta de Galicia ausente que nos ven cun debate alleo para falar do que di un ministro e o leva a todos os sitios para que nos poñamos a investigar e vexamos as barbaridades que se fan dende a intensiva.

E logo saquemos a imaxe dun chuletón co lume apagado, “soy Pablo Casado” .

E que, a ver, a ver.... Sexamos por favor, serias e serios, porque a hipocresía do Partido Popular neste tema non o podemos entender e ata tal punto que a gandería estensiva deste país, está vendo como ano tras ano dende o 2013, están baixando as partidas do programa de desenvolvemento rural, que xestiona por certo, a Consellería do Medio rural , sorpresa, do Partido Popular que goberna a Xunta de Galicia.

E veñen aquí a falarnos dun ministro que fai unhas declaracións e que o problema é que non legisla, e veñen aquí a falarnos dun sector que é moi diferente en Galiza do estado español . Dun sector, a extensiva, que é importantísima nunha parte do noso territorio, porque temos un territorio capaz de producir de todo.

E voulle a decir unha cousa, de verdade, e esto con todo o amor do mundo, eh. Falar da ultra esquerda como un insulto, e que eu é a segunda vez que o escoito, e digo eu, de verdade, nun país, Galiza, onde as persoas non puxeron en ningún sitio, en ningún concello, no Parlamento galego nin no Parlamento español a certos partidos e que veñan agora que nos venden en campaña, que son de centro, Galicia, Galicia, Galicia....e aquí nos falan do que lles mandan en Madrid, que algún día quero coñecer o gabinete de comunicación en Madrid porque de verdade, eu esto non o entendo, eh, non entendo como se poñen en contra dunha reforma laboral que é igual que a do Partido Popular, que eu creo que lle darían ben.... Mire, lles estou dando un consello, daríalle moi ben ao PSOE e a PODEMOS decíndolle “oie, pero si esto é coma nós, temos nós a razón” no, nos vamos a poñer en contra, e bueno, ao final están co Bloque Nacionalista Galego que non sei que calificativo lle terá. E agora nos veñen con esto? Se os galegos e as galegas xa dixemos que non aos que están intentando ir por esa vía. Temos esa sorte. E non os teño nin porque mentar. Non fagan vostedes ese traballo. Non fai falta.

Eu creo que os galegos e galegas decidiron que ese tipo de argumentos non tiñan cabida na democracia dos nosos parlamentos.

-Sr.Pita Breijo: contestándolle ao Sr.Castrillón, eu creo que o Sr.ministro Garzón que, non vou ser o que o defenda eu solíño, eu creo que quería por en valor a gandería extensiva, no seu traballo no rural, na súa localización no campo, na España vaciada, e bueno, poñer en valor esas explotacións que soen ser máis familiares, indicando bueno, que teñen un prexuízo nos prezos, como ben decía Olaia, na que por un traballo máis laborioso, pois reciben o mesmo prezo cunha gandería intensiva, no.

Eu creo que se quitou de contexto.....ao mellor non entendeu ben as declaracións e bueno, e poñer eso en valor, que creo que quería decir eso, que a gandería extensiva ten máis traballo, localiza máis o traballo no rural, que en Galiza, que é bastante común, e tamén a contaminación e a xestión ambiental que se fai das granxas nas granxas extensivas. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas. Vou ser breve.

Se Sánchez consente unha vez máis sen facer nada deben irse os tres. Neste caso a acción e a omisión causan o mesmo e irreparable dano.

Remato para concretar Medidas para axudar ao sector a adaptarse ás novas esixencias ambientais e sociais:

-Unha campaña nacional e internacional de impulso á imaxe do sector cárnico- gandeiro.

-Unha defensa clara de todos os profesionais que, indirectamente, foron acusados de mala práctica por Garzón, como gandeiros, veterinarios, enxeñeiros, responsables do impacto ambiental.

Desde o PP presentaremos un Plan de Gandería sustentable con propostas para mellorar a competitividade do sector gandeiro- cárnico e promoveremos o seu apoio en toda España .

Creo que este é o camiño a seguir. Creo que debemos de ter claro que ese ministro debería de dimitir ou senón cesalo por parte do goberno de España.

E senón o que dixen antes, pido responsabilidade e que sexan conscientes de que estamos dando un apoio incondicional a uns produtos españois que tamén son galegos, tamén son de Narón, e o sector cárnico neste caso e o gandeiro son os máis prexudicados.

Agora alá vostedes. Xa vecho que esta parte ao goberno de Narón, especialmente ao partido maioritario deste goberno importa pouco e é unha triste pena e é preocupante. E ademais é preocupante de verdade. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o DITAME DESFAVORABLE da moción transcrita:



TEGA: A favor 10

PP: En contra 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

QUEDA REXEITADA ESTA MOCIÓN

10 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE AS POLÍTICAS DE GANDERÍA..

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A agricultura e a gandería son actividades xeradoras de bens públicos, que contribúen á vertebración do territorio, á xeración de emprego en zonas con escasas alternativas económicas e á conservación do medio ambiente.

Neste sentido, a sustentabilidade das explotacións agrícolas e gandeiras pasa por alcanzar un grao de rendibilidade suficiente que, en ocasións, dependendo do sector (capacidade de achegar valor engadido) e das características do territorio, só se consegue sobre a base da economía de escala e da dimensión.

O desenvolvemento da gandería nos próximos anos, tanto no contexto europeo como no internacional, virá marcado polo maior esforzo para incrementar a súa sustentabilidade ambiental, a súa achega á mitigación do cambio climático e a súa resiliencia fronte ao mesmo.

En calquera caso debe quedar clara a aposta do Goberno polas explotacións familiares que contribúen de maneira tan importante ao mantemento dun medio rural vivo e a fixar a poboación no campo. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación debe traballar en colaboración cos representantes dos sectores e das CCAA na procura do equilibrio necesario e do crecemento sostible e modernización das nosas explotacións, tanto a través das correspondentes normas de ordenación nos distintos sectores gandeiros, como no marco do futuro Plan Estratéxico Nacional da Política Agraria Comunitaria.

Debe sinalarse que son precisamente os sectores gandeiros, máis dinámicos e tecnificados, os que en maior medida están a contribuír á xeración de emprego e á incorporación de mozas á actividade agraria e en consecuencia ao mantemento do tecido social do medio rural vivo. Os condicionantes de tamaño son particularmente delicados no sector vacún, dada a súa maior vulnerabilidade económica.

A gandería española supón unha actividade de gran relevancia económica achegando 20.232 Millóns de euros á economía española, o 38% da produción final agraria, onde España se sitúa entre as principais potencias gandeiras europeas.

No desenvolvemento desta actividade conviven dous modelos claramente diferenciados, o extensivo e o intensivo dando lugar a produtos gandeiros de alto valor e calidade onde cabe destacar que a produción de porcino de carne representa o 43,04% da produción final gandeira, a carne de vacún o 15,22%, a carne de aves o 12,36%, a carne de ovino e caprino o 5,5%, a produción de leite o 16,27% e a produción de ovos o 5,77%. Así mesmo cabe citar outras producións gandeiras minoritarias que gozan de valor estratéxico tales como a produción de carne de coello ou de equino e a apicultura.

Dentro da actividade gandeira, destaca a industria cárnica, que é o cuarto sector industrial do noso país, constituído por un tecido industrial dunhas 3.000 empresas, distribuídas por toda a xeografía española, especialmente en zonas rurais. Aínda que unha parte significativa do sector son pequenas e medianas empresas, isto non impediu o paulatino desenvolvemento e consolidación de grandes grupos empresariais, algúns deles líderes a escala europea. Ocupa o primeiro lugar de toda a industria española de alimentos e

bebidas, representando unha cifra de negocio próxima aos 27.000 millóns de euros, o 22,6% do conxunto do sector alimentario español.

Esta cifra de negocio supón o 4,2% da facturación total de toda a industria española xerando preto de 97.000 postos de traballo directos, o 23,8% da ocupación total da industria alimentaria española. Un dato moi relevante é que a industria cárnica exportou máis de 3,2 millóns de toneladas de carnes, refugallo e produtos elaborados de todo tipo, alcanzando un valor de 8.680 millóns de euros en 2020.

España é unha potencia mundial na produción de carne, cun papel moi destacado no mercado comunitario, onde é o primeiro produtor de carne de ovino, o segundo de porcino, o segundo produtor de carne de ave e o cuarto produtor de carne de vacún. Esta vertente refórzase mesmo no elo gandeiro, sendo España o primeiro produtor de porcino da UE no que respecta ao censo de animais.

Ademais da produción cárnica, tamén cabe destacar a importancia do sector lácteo en España. A cadea de produción, transformación e comercialización do sector lácteo (vacún, ovino e caprino) é de gran relevancia no marco do panorama agroalimentario español, facturando ao redor de 13.000 millóns de euros ao ano e xerando máis de 60.000 empregos directos.

Por todo o exposto o **PSdeG-PSOE**, somete para o seu debate e a súa aprobación, se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Apoia unha gandería, tanto extensiva como intensiva, que siga sendo motor de desenvolvemento no medio rural, e especialmente ás explotacións familiares e profesionais que contribúen a xerar emprego, ademais de fixar poboación e tecido empresarial nos nosos pobos.

2. Apoia o impulso dunha gandería sostible, en liña co Pacto Verde Europeo e as estratexias europeas “Da Granxa á Mesa” e “Biodiversidade”, tanto a través de mecanismos normativos como de fomento, apoiando e acompañado aos gandeiros e gandeiras nos investimentos necesarios para mellorar a sustentabilidade e rendibilidade.

3. Comparte os plans de control do cumprimento de requisitos, para que aqueles gandeiros que cumpren non se vexan prexudicados por quen non cumpre coa normativa ambiental, de benestar animal, de tamaño de explotacións, etc.

4. Valora positivamente a calidade e a exportación dos nosos produtos agroalimentarios, que responden aos estándares máis altos a nivel internacional; abrindo novos mercados e apoiando a promoción dos alimentos españois, entre eles os produtos gandeiros, fóra das nosas fronteiras.

E visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións de TEGA, PP e BNG; e o voto favorable do PSDG-PSOE) na Xunta de Portavoces do 24 de xaneiro de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a ratificación do ditame meses mesmos termos.

EMENDA PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

EMENDA

A moción do PSOE sobre as políticas Gandeiras. Engadir nos encabezados dos acordos 1º e 2º o seguinte texto:

- 1- **O Concello de Narón insta a Xunta de Galicia a seguir apoiando** a gandería, tanto extensiva como intensiva, que siga sendo motor de desenvolvemento no medio rural, e especialmente ás explotacións familiares e profesionais que contribúen a xerar emprego, ademais de fixar poboación e tecido empresarial nos nosos pobos.
- 2- **O Concello de Narón insta a Xunta de Galicia a seguir apoiando** o impulso dunha gandería sostible, en liña con Pacto Verde Europeo e as estratexias europeas “Da Granxa a Mesa” e “Biodiversidade”, tanto a través de mecanismos normativos como de fomento,



apoiando e acompañando aos gandeiros e gandeiras nos investimentos necesarios para mellorar a sustentabilidade e rendibilidade.

Narón, 24 de xaneiro de 2022
Germán Castrillón Permuy

INTERVENCIONS SOBRE A EMENDA DO PP:

- Sr.Pita Breijo: o grupo socialista estivemos vendo o texto da emenda e sendo xenerosos, poderíamoslle aceptar sempre que o de “seguir apoiando”, que se modificara por “apoiar” nos dous puntos, se estiveran de acordo.

-Sr.Castrillón Permuy: non lle comprendín Sr.David. Que os admiten?

-Sr.Pita Breijo: no. O que lle digo é que nos dous puntos, onde pon : o Concello de Narón insta a Xunta de Galicia a “seguir apoiando” cambiar por “apoiar”. Nos dous puntos. Tanto no primeiro como no segundo.

-Sr.Castrillón Permuy: no estamos de acordo porque a Xunta de Galicia está facendo xa moitas cousas e o que pedimos e que “siga apoiando” todo o que está facendo. Se vostede cré que non é así, pois nada.

-Sra.alcaldesa: tratamos a moción como viña do partido socialista.

NON SE ACEPTA A EMENDA

DEBATE MOCIÓN

-Sr.Pita Breijo: Os socialistas sabemos que a agricultura e a gandería son actividades que vertebran o noso territorio, fixan tecido empresarial e xeran produtos de primeira necesidade e emprego nos nosos pobos.

Creemos que non hai que caer nun debate simplista, nin de extremos.

No desenvolvemento da actividade gandeira en España conviven modelos extensivos e intensivos, e granxas de carácter intermedio (con fases de produción nun ou noutro modelo) pero si que hai que dicir e de modo reseñable que Gandería intensiva non é sinónimo de macrogranxas.

Sabemos que España se sitúa entre as principais potencias gandeiras europeas, aínda que cunha preeminencia de pequenas e medianas explotacións e tamén sabemos que nesta liña o Goberno de España aposta polo desenvolvemento da explotación familiar e profesional para a cal se están brindando axudas e se está a traballar para o seu desenrolo, e por iso que o Goberno socialista está a apostar por apoiar e impulsar explotacións cada máis sostibles e rendibles que sigan sendo o motor económico do noso Rural.

O Goberno está dobremente comprometido, cos gandeiros e as súas familias e tamén co medio rural e a preservación do medio ambiente, como sabemos hai unha ampla normativa de produción, de respecto ambiental, de benestar animal, de sanidade e de calidade que emana da Unión Europea e que teñen que cumprir todas as explotacións: intensivas e extensivas por iso estanse levando a cabo importantes medidas no marco lexislativo que afecta á regulación das granxas gandeiras. Comezou en 2020 coa publicación do real decreto de regulación de granxas no sector porcino, continuouse en 2021 coa publicación do real decreto de ordenación das granxas no sector avícola e estase tramitando o real decreto de ordenación das granxas no sector vacún.

Todas as medidas estanse a facer de maneira aberta e transparente, co sector, coas organizacións ambientais e coas comunidades autónomas e froito disto o Goberno de España, este primeiro trimestre de 2022, presentará un plan de control para que as comunidades autónomas, no marco do real decreto aprobado polo Goberno en 2020, verifiquen os requisitos ao amparo dos cales autorizaron a instalación das granxas.

Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: o noso voto, como non podía ser doutra maneira, vai a ser en contra, porque aparte os puntos que aparecen si lés o primeiro punto nada ten que ver... é contrario, cos seguintes puntos. Non podedes vir aquí a defender as cousas boas das granxas en extensivo e logo poñer que tamén en intensivo. Non podedes falar de medio e así. Pero bueno, claro, é o problema dun partido socialista obreiro español que se di laico, e logo os maiores financiamentos de igrexas se producen en períodos do partido socialista que é republicano, monárquico, que é todo, pois ao final non é nada, no.

Non podemos falar de lexislación cando repito, en Galiza, que é diferente o sector, é diferente ao resto do estado, non ao mellor Asturias ou a cornisa cantábrica, pero si diferente a un sector maioritario que debe ser os sectores co que está lexislando o partido socialista e as consecuencias son moi grandes porque coas axudas da PAC leva pasando dende que entramos na Unión europea e o decía antes. A Unión europea esixe porque se está incumprindo e hai unhas multas e nos debía de ir a cara, aí sí, como España do que está a acontecer das emisións de amoníaco e cumprir a normativa da PAC e que fai o Ministerio de Agricultura español? pois castiga gravemente ao sector agrogandeiro galego prohibindo a difusión en abanico de fertilizantes líquidos. Por que? Porque hai un lovie dos abonos de síntese. Que contaminan moitísimo e que se utilizan moitísimo, por exemplo, nas granxas de porcino.

Todos e todas deberíamos de saber que neste país como se fan os fertilizantes nas pequenas explotacións, non é o que se está facendo en terreos de miles de hectáreas que se están facendo noutros sitios pero se está prexudicando a este país porque non hai dentro dese goberno quen defenda outra cousa e se está prexudicando a Galicia e por eso, nos sitios onde o sector primario debería de ser o primordial e non volvernos unha zona residencial o sector económico máis importante é o das pensións mentres vivan os nosos vellos e vellas e non os metamos nunha macroresidencia como lle gustaría facer á Xunta de Galicia.

E insisto porque a cornisa cantábrica non traballa así. Así que mira, xa me estendo ...de Galicia e vos digo que esa non é a maneira de legislar nin a maneira que lle interesa a este país.

Entonces non podemos falar de todo o pacto verde, de tal... non sei qué , non sei canto, e logo avergoñarnos dunhas declaracións que, por certo, son correctas porque hai un problema coas granxas en intensivo que ao final é do que... e das condicións desa carne ou da súa calidade e como nos alimentamos todos e todas, apostemos polo modelo que fixa a poboación no rural, que asenta traballo de calidade que son as macrogranxas en extensivo, e non nos saquemos unha foto.

Nós non podemos estar de acordo cunha serie de puntos, que si, e logo decir no primeiro todo o contrario. É que non se pode. Igual gañan votos, pero a verdade non a teñen.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Esta moción que presenta o grupo Socialista neste pleno entendemos que e só para Galicia con permiso de Ferraz.

A realidade é moi distinta ao que vostedes traen por escrito hoxe a debate do pleno, a actuación do goberno de España non ten nada que ver con isto, a non ser que o presidente Cese ao Ministro Alberto Garzón.

A actualidade non pinta ben....

Temos un goberno que esta atacando ao medio rural, agricultura e gandaría

O Sr. Sánchez leva tres anos demonizando e ninguneando ao sector primario: Recortes na PAC (5.000 millóns de euros menos), subidas de impostos; ao azucre, gasóleo, enerxía. Prohibición de caza do lobo, anulación de investimentos en novos regadíos e formulacións contra o



aproveitamento da auga. Ataques a sectores estratéxicos como o viño, as froitas ou a carne. A reforma laboral prohibindo os contratos de temporeros, as acusacións de esclavismo e insalubridade.

A falta de fondos europeos (só o 0,75% dos 140.000 millóns de euros).

O Goberno non pode pór en risco ao sector do que depende case o 12% o PIB nacional. Vostedes cren que eso é axudar e apoiar o que din vostedes na moción? A verdade é que é sorprendente. Mire, puxéronse de acordo varias comunidades autónomas con distintas cores políticas, incluído o partido socialista polo tema do Lobo. O ministerio e o goberno de España fixo o contrario do que pediron esas comunidades autónomas. Había un Rexistro de 200 lobos. Hoxe na actualidade hai 2500. Eso é axudar á gandería? Eso e prexudicar á gandería e aos traballadores e ás familias. Que son normalmente familias as que levan este tipo de negocios.

A factura da luz subiu un 260 %

Fan cousas increíbles e que nos queren facer ver o contrario. Co sobranche da PAC.. compran o leite a unha empresa Portuguesa. Porque era máis barato que as centrais españolas. Vostedes cren que eso é axudar? Home.....

Vanse cargar as razas autóctonas.. Cando chegaron ao goberno vostedes había unha planificación para Internet no Rural , 300 megas. A Sra. Ministra cargouse ese programa e dixo máximo 100 megas. Eu creo que debemos ser conscientes do que traemos ao Pleno, do que queremos e do que facemos.

Está ben que vostedes queiran aquí en Galicia defender un sector apoiando... pero a realidade é moi distinta o que ocorre dende o goberno central.

E está clarísimo. Temos a todo o sector gandeiro, agrícola do campo nas carreteras con manifestacións en Madrid e todas partes contra o goberno de España. Por algo será.

Entonces eu creo que deberían de ser conscientes do que queren facer e como queren facer e non traernos unha moción .. que está moi ben, que nós por responsabilidade, non imos a votar en contra. Por responsabilidade. E eso que non admitiu as nosas emendas. Ímonos abster.

Pero home, traigan cousas creíbles, que o seu goberno sexa o que as realice e que as execute como son. Non nos queiran enganar desta forma. Ao final sentímonos enganados. Como está facendo o Sr.Sánchez. Que cando ten que tomar unha decisión non aparece.

Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Pita Breijo: bueno, nós temos claro o modelo que queremos de granxas, no. Está claro que as macrogranxas hai que limitalas e estanse limitando. Hai normativa, sobre todo para o tema de melloras técnicas de tamaños máximos para reducións de emisións de amoníaco, gases de efecto invernadoiro ou se está elaborando normativa que permitirá calcular, individualmente, as emisións de gases contaminantes das granxas de porcino. Ou igualmente estase elaborando normativa sobre fertilización sostible de chans.

Ou tamén se elaborará en 2022, a normativa que nos permitirá continuar coa senda de redución de antibióticos empregados en gandería.

Nós cremos que o extensivo e intensivo, que é compatible. Son dous modelos que poden convivir facilmente, pero o importante é a regulación. Eso é o importante. E dar información ao consumidor.

O etiquetado de todos os produtos alimenticios que temos nos supermercados é básico para que o consumidor poida elixir e que teña toda a información de cómo se obtén os produtos que van a consumir e que vemos que dende a Xunta de Galicia que se intenta boicotear . Pasa coas conservas e outros produtos galegos, no.

Falaba de inversións. Estase levando a cabo un importante esforzo para apoiar os investimentos necesarios, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con: ou 83 millóns de euros de axudas para investimentos en sistemas de xestión de subproductos e deyeccións en gandería (adequación de balsas de xurros, digestores para aproveitamento de biogás, etc.). ou 79 millóns de euros de axudas para investimentos en agricultura e gandería de precisión e tecnoloxías 4.0 (exemplo: xeolocalización de gando, aplicación localizada de xurros, etc.).

Nós temos claro o modelo. O que queremos saber é cal é o modelo de medio rural que ten a Xunta de Galicia porque cremos que é o no facer nada, deixar facer e que aparezan os xabaríns pola cidade e especies invasoras sen ningún tipo de control nin de medida. E así o descontrol e cada un que faiga para si. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben. Hai unha cousa que si que quero agradecer, que é ... estou vendo que, por exemplo, David ven cos deberes feitos sobre a lexislación ou sobre as cousas que se están a aplicar. É verdade o que se fala dos nitratos e contaminación e porque hai unha multa da Unión Europea dende o ano 2018.

Entonces todo o que se leu e o que se pide dende a Unión Europea pero si é verdade que está falando doutras propostas e vemos a un Partido Popular ausente que non imos a ser nós quen culpe ao partido socialista de acabar coas razas autóctonas. Creo que escoitei, ata aí, ostras!! Eso, carai, ter ese poder é importante.

Eu aquí, de verdade, cada día me sorprendo máis, pero repito, que temos unha Xunta de Galicia ausente, imos a ter que falalo agora porque non enumeran propostas ningunhas porque veñen cunha moción que é allea; nós o Bloque Nacionalista Galego pedimos nos fondos Next Generation, presentamos por certo, a iniciativa en Lalín, creo que lle soa ese concello, pedimos unha inversión de máis de mil millóns de euros, non así valeiros, no, senón para que se tratara o sector agrogandeiro e para a súa distribución, para crear unha empresa lácteo público privada que tanta falta fai neste país, para falar de horta, porque temos un grave problema coa horta en Galiza. Eso si que está desaparecendo. Non vou ser eu o que culpe ao Partido Popular de acabar coa horta autóctona neste país pero bueno, para falar de economía circular etc.etc. porque ao mellor con eses fondos que resulta que agora lles van a dar en masa a grandes empresas que se dedican a fíos textis, polo que pon na prensa, decir, xa sabemos todos de quen estamos falando e das necesidades que ten de que lle dean miles de millóns cando se supón que é das máis ricas do mundo e que igual si creramos máis un pouco neste país, saberíamos cales son as necesidades e por onde temos que tirar.

Recoñezo que neste caso, sexa coas túas palabras estamos de acordo pero si que cremos que o punto un contradí os restantes dos puntos, pero bueno, que unha cousa non quita a outra.

E o das razas autóctonas, carai, vou chegar á casa e pensar nalgunhas... por certo, compro ovos no Val que non é estensiva a granxa que hai alí avícola, e están ben bos.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas. Imos a ser breves.

É que se propuxeron ao goberno de España varias propostas como un plan de gandería sostible, e votan en contra. Investir en investigación, votan en contra tamén.

Transformar o xurro en fertilizantes naturais. Tamén votan en contra.

Entonces que me di vostede que van a facer? Que o van a facer dentro de 2 ou 3 anos?. Home, creo que o momento é agora no. E ademais con eses fondos europeos que tanto quere dirixir o Sr.Sánchez, pois que máis que ao medio rural e a gandería e a agricultura que lle cheguen fondos deses, no.

Non a miseria do 0,75% .

E sobre o que fala da Xunta: a Xunta ten plans estratéxicos e os está facendo. Está traballando sobre o medio rural. E creo que se están vendo xa eses traballos.

Polo tanto, non queira desviar as cuestións que son do goberno de España a traelas á Comunidade Autónoma. A verdade é que me agradaría poderlles crer todo o que contan nesta moción e que fóra realidade pero o que estamos vendo é algo moi distinto a nivel estatal.

E a nivel galego, claro que a Xunta se encarga de facer o traballo para que as cousas funcionen.

E eso é o que hai. Nada máis. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: Abstencións 10

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: En contra 2

11 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A RETRANSMISIÓN POR STREAMING E EN DIRECTO DOS PLENOS MUNICIPAIS EN NARÓN.. -Lida polo secretario

xeral a moción que di así: O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en pleno.

Exposición de motivos:

O **pleno municipal** é o órgano de máxima representación política da veciñanza dun concello. Está formado pola Alcaldesa (no caso de Narón) e o conxunto de concelleiras e concelleiros elixidos pola veciñanza mediante votación.

Os plenos poden ser **ordinarios**, aqueles que se celebran de xeito periódico, ou **extraordinarios**, aqueles que se celebran para tratar algún tema puntual e concreto.

Podemos afirmar que, a través dos plenos municipais, representamos ao pobo de Narón e o que defendemos, falamos, aprobamos ou non en nome das veciñas e veciños; que esta información chegue ao maior número de persoas ou facilitar que poidan acceder ao que alí se di é un exercicio democrático. Por todo isto, a lei obriga a que os plenos municipais sexan públicos.

Desta maneira, tense traballado servizo técnico e corporación para que se regulara e que o que alí decidimos poida chegar á cidadanía. O que nos sorprende desde o BNG de Narón que, en plena pandemia a decisión política do goberno fora que, os plenos que se gravaban a través da plataforma zoom fosen subidos a unha plataforma de vídeo e audio sen a imaxe. Esa decisión é política, non técnica. Ademais, no propio regulamento de participación cidadá aprobado en Narón dise o seguinte:

Artigo 6. Dereito á información

O Concello de Narón garántelles aos/ás cidadáns/ás do municipio o seu dereito á información sobre a xestión das competencias e servizos municipais de acordo coas disposicións legais e a presente normativa, cos únicos límites previstos na lexislación aplicable.

O concello informará aos/ás cidadáns/ás da súa xestión a través dos medios de comunicación social, e mediante a edición de publicacións, folletos e bandos; a colocación de carteis, valos publicitarios, taboleiros de anuncios e paneis informativos; proxección de vídeos, organización de actos informativos e cantos outros medios se consideren necesarios. Ao mesmo tempo poderá recoller a opinión dos/as cidadáns/ás e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, xuntanzas, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

Este artigo 6 complétase con outros no que se prima a importancia de informar e participar usando medios telemáticos ou outros que acheguen a información de interese aos veciños e veciñas.

Por todo isto, podemos concluír que vivimos no século XXI e levamos dous anos de pandemia onde as retransmisións telemáticas están á orde do día. O propio concello de Narón así o fai noutras actividades. Por iso, se os plenos son públicos, non pode ser que na octava cidade galega, só poidan acceder a eles en directo as veciñas e veciños se é presencialmente na bancada do público porque é excluír a persoas que por diversas causas non poidan achegarse até o concello. Poder facer streaming dos plenos é necesario e aporta democracia, modernidade e un exemplo de que Narón aposta polo futuro.

A política non é algo estanco, evoluímos e intentamos transformar a realidade con ela. Artellar mecanismos que faciliten e promovan a transparencia das decisións políticas dun pleno é importante. Ademais, somos o único concello de máis de 35.000 habitantes en Galiza que aínda non retransmite por streaming os plenos municipais. Aproveitemos a tecnoloxía para mostrar que nada temos que ocultar e sabendo que, unha acta de centos de páxinas ou un audio no que hoxe é difícil atopar na web municipal (para un usuario de coñecemento medio de internet) non é a mellor maneira de dar a coñecer o que nos plenos se di agora que existen outras ferramentas.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG propón os seguinte **ACORDOS**:

1.- Instar ao goberno municipal a retransmitir en directo vía streaming a totalidade dos plenos municipais para promover o seu carácter público.

2.- Subir á plataforma youtube as sesións plenarias gravadas tal e como se fai con outras actividades municipais.

BNG) na Xunta de Portavoces do 24 de xaneiro de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a ratificación do ditame meses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: ben, creo que a exposición de motivos o di. Sei que estamos a ser insistentes neste tema. Cremos que é importante, xa que estamos no século XXI e que as necesidades son diferentes e máis neste momento de pandemia, e que non todo o mundo pode vir aquí como público, que fagamos o esforzo de grabar os plenos, que se retransmitan por streaming e que axudemos á democracia. Xa sei que non vai haber unha audiencia masiva pero cremos que é importante que Narón se sume aos concellos que así o fan e estamos a falar que os concellos de máis de 30 000 habitantes agás o noso e están practicamente facéndoo todos pero non hai que ir lonxe. San Sadurniño o fai, o concello de Cabana fai, Ferrol o fai; pois cremos que é importante que xa que estamos aquí falando uns máis ca outros no, pero xa que estamos aquí falando e poñendo, estamos representando ao pobo de Narón que polo menos ese pobo escoite as nosas decisións e que poidan criticar ou actuar en consecuencia. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, nós consideramos que é importante avanzar. Se hai tecnoloxía para poder facelo se debería de facer, e neste caso creo que o Concello de Narón ten capacidade para poder facelo porque realmente se está facendo con outra retransmisión doutras cousas. Polo tanto, considero que tamén nos plenos se podería facer grabación por streaming.

O noso voto vai ser a favor como así o dixemos na Xunta de Portavoces e como se comentou xa noutras ocasións. Votamos a favor de que se avance, de que se mellore e neste sentido, bueno, debíamos de aproveitar as tecnoloxías para que a cidadanía tivera a oportunidade de ver máis cousas e de aproximarse máis ao que ocorre neste concello, ao que ocorre nos plenos nun salón de plenos como pode ser Narón.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Sánchez Fojo: bueno, boas tardes de novo.

Eu creo que o Concello de Narón cumpre exactamente co ROF. Os Plenos son públicos. As decisións que se acordan neste plenario son colgadas na rede para que o persoal e os veciños e veciñas de Narón podan estar informados. Cando se piden participacións nos plenos non temos problema e se sigue unha normativa aprobada por todos os grupos políticos, e entendemos que polo momento non é, esta iniciativa, que non digo que sexa mala, pero esta iniciativa polo custo que representa neste momento imos a votar en contra desta iniciativa.

-Sra.Ledo Díaz: claro. Son públicos. Xa o di a propia lei. Ninguén está negando que eso se estea a facer. O que si que choca é que se graben plenos, por exemplo, en pandemia a través da plataforma Zoom e que se



manden a un canal de youtube e que se quite voluntariamente a imaxe para que só quede o audio. Eu creo que aí gañamos todas e todos, que non temos nada que ocultar e por eso o defendemos.

Non cremos que sexa un gasto elevado ... nos dixeron na Xunta de Portavoces, que ao redor de 6000 euros para o Concello de Narón cun orzamento de 35 millóns de euros.

Para unha economía familiar 6000 euros poden parecer moito pero tamén miren, nos dixeron que miráramos nós, no, que decidíramos se eso era elevado ou non e lles propoño que nas Xuntas de Goberno Local, esas que hai algunha vez ao ano na que só aproban a acta da Xunta de Goberno anterior, con que doen 3 Xuntas de Goberno xa temos diñeiro para retransmisións por streaming.

Claro a balanza hai que mirala dunha maneira e outra e o digo porque ademais nós, que é verdade que hoxe non o estamos facendo pero que si, que grabamos os plenos e así o informamos e consideramos que é necesario, nós creíamos que aquí se gobernaba de maneira diferente e houbo nunha ocasión que se nos dixo que estábamos manipulando un pleno porque despois de informar que grababamos pola plataforma zoom un concelleiro e outro, onde hai que grabar para a pantalla por un lado e por outro lado o de son e o de Nos dixo que faltaban como 10 minutos e é verdade porque entroutras cousas nese Pleno, pola plataforma zoom fumos expulsados non sei como e tanto o concelleiro Geno Carballeira como Olaia Ledo e logo nos puxemos e cortamos así e é verdade que quitamos o nome da muller do ano e é verdade que houbo un informe técnico ao respecto e nós sabemos que esas persoas técnicas teñen a capacidade de que lles gustaría estar podendo facer o seu traballo e facendo videos por streaming e non ter que volver a ver un pleno de horas e do Concello de Narón.

Claro, a nós acusouse nesa Xunta de Portavoces, non de tal... de querer manipular e de que pedíramos disculpas públicas, non fixemos outra cousa porque eu ademais como estou na executiva nacional do BNG nos reunimos todos os luns e leveillo ás avogadas do Bloque Nacionalista Galego e nos dixeron que era todo o contrario, que eso non era acusación e que, en todo caso, esas decisións políticas poden ter consecuencia porque estás acusando a unha persoa de facer algo sen indicios.

Entonces, nós non somos de xudicializar a política, sabemos que neste concello houbo xente que agora non está nesta Corporación que fixo esas acusacións e nós non imos a xogar con eso. Si que nos parece porque tamén nos asesoramos que eso non é ... e insisto eu sei que ás persoas técnicas o que lle mandan é facer un informe. Hai decisións políticas. Se aquí hai unha decisión política para que as persoas de Narón non poidan ver por streaming unhas imaxes. Xa volo digo. Con que en 3 Xuntas de Goberno doen eses cartiños xa temos para que todos os plenos de Narón poidan ser públicos. Xa digo, no século XXI onde existen diferentes canles de comunicación.

E non deberíamos de ter medo a que alguén vira o que estamos falando aquí porque a xente tamén é intelixente e sabe a quen apoia, a quen non apoia e cada un ten a súa representación, ou sexa, que polo menos sintan orgullo de estar aquí representando ao pobo de Narón e que non pasa nada porque se graben os plenos por streaming.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, NON aprobou a proposta transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: A favor 2

12º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

Non se formularon

13 º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO. –

Dase conta das resolucións do mes de decembro de 2022.

RESOLUCIÓNS DECEMBRO

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBACION PROGRESION CARREIRA EFECTOS 01/12/2021 E INCREMENTO C.PRODUTIVIDADE POLO DITO CRITERIO	01/12/2021	3.945
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR PERFECCIONAMENTO DE TRIENIOS PERSOAL FUNCIONARIO EFECTOS 01/12/2021	01/12/2021	3.946
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.947
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.948
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.949
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.950
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.951
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.952
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.953
Decreto de Alcaldía	R.A. DENAGACIÓN AXUDA	01/12/2021	3.954
Decreto de Alcaldía	INCOACIÓN EXPEDIENTE PARA A SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA: DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURA DE SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (SAI) CORPORATIVOS PARA TODOS OS POSTOS DE TRABALLO DA CASA DO CONCELLO	01/12/2021	3.955
Decreto de Alcaldía	SX_SUBSTITUCION XEFES DE SERVIZO	01/12/2021	3.956
Decreto de Alcaldía	RELACIONES Y RA DE FACTURAS 2021	01/12/2021	3.957
Decreto de Alcaldía	N_NOMINAS PERSOAL CONCELLO DE NARON DECEMBRO 2021	01/12/2021	3.958
Decreto de Alcaldía	RESOLUCION AMPLIACIÓN PRAZO CPO-319/2020	01/12/2021	3.959
Decreto de Alcaldía	RA APROBACION PAGO NOMINA PAGA EXTRA FUNCIONARIOS DECEMBRO 2021	01/12/2021	3.960
Decreto de Alcaldía	RELACIONES Y RA DE FACTURAS 2021	01/12/2021	3.961
Decreto de Alcaldía	SOLICITUDE AXUDA ECONOMICA, Fernández Vargas, Nancy.	02/12/2021	3.962
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR NOMINA COMPLEMENTARIA ESTEFANIA CABARCOS BECEIRO NOVIEMBRE 2021	02/12/2021	3.963
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR NOMINA COMPLEMENTARIA ALFONSO ROMERO CASAL NOVIEMBRE 2021	02/12/2021	3.964
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR PAGO COMPLEMENTO IT RAFAEL JACOME SALGADO	02/12/2021	3.965
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR COMPLEMENT IT SATURNINO MARQUEZ LABANDEIRA	02/12/2021	3.966
Decreto de Alcaldía	LIQUIDACIÓN TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA 2020	02/12/2021	3.967
Decreto de Alcaldía	RESOLUCIÓN APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN CONVENIO PIRAGUISMO	02/12/2021	3.968
Decreto de Alcaldía	CF_CURSOS DE FORMACION 2021	02/12/2021	3.969
Decreto de Alcaldía	Resolución sancionadora de tráfico	02/12/2021	3.970
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	02/12/2021	3.971
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	02/12/2021	3.972
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	02/12/2021	3.973
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	02/12/2021	3.974
Decreto de Alcaldía	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID NON CONVIVINTES	02/12/2021	3.975
Decreto de Alcaldía	IMPOSICION SANCION 100€ MASCARILLAS COVID	02/12/2021	3.976
Decreto de Alcaldía	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID NON CONVIVINTES	02/12/2021	3.977
Decreto de Alcaldía	RESOLUCION IMPOSICION SANCION INFRACCION MASCARILLA COVID NA ESTRADA DE CASTELA	02/12/2021	3.978
Decreto de Alcaldía	IMPOSICION SANCION 200e LOCAL INCUMPRIMENTO HORARIO E MASCARILLAS COVID	02/12/2021	3.979
Decreto de Alcaldía	IMPOSICION SANCION 200€ INFRACCION LOCAL INCUMPLIMENTO RESTRICCIONS COVID (BAR OS CANDIS)	02/12/2021	3.980



Decreto de Alcaldía	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID NON CONVIVINTES	02/12/2021	3.981
Decreto de Alcaldía	EXPTE. COMPENSACION OFICIO DEBIDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO: ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA (A28007748)	03/12/2021	3.982
Decreto de Alcaldía	R.A. APROBATORIA CONVENIO 2021	03/12/2021	3.983
Decreto de Alcaldía	R.A. APROBATORIA CONVENIO 2021	03/12/2021	3.984
Decreto de Alcaldía	INSCRIC. RPF 1038	03/12/2021	3.985
Decreto de Alcaldía	BAXIA PARELLA 1005	03/12/2021	3.986
Decreto de Alcaldía	BAIXA PARELA 958	03/12/2021	3.987
Decreto de Alcaldía	EXPTE. COMPENSACION OFICIO DEBIDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO: MADEIRAS LAMAS, SL (B15569122)	03/12/2021	3.988
Decreto de Alcaldía	EXPTE. COMPENSACION OFICIO DEBIDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO: ELECTRICIDAD TRASANCOS, SL (B70214044)	03/12/2021	3.989
Decreto de Alcaldía	SERVIZO DE REPRESENTACION E DEFENSA DO CONCELLO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 309/2021 (CATERING FERROLTERRA S.L. - CONCESION DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO PTIDR ALDEA NOVA) ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE FERROL	03/12/2021	3.990
Decreto de Alcaldía	SERVIZO DE REPRESENTACION E DEFENSA DO CONCELLO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 309/2021 (CATERING FERROLTERRA S.L. - CONCESION DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO PTIDR ALDEA NOVA) ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE FERROL	03/12/2021	3.991
Decreto de Alcaldía	R.A. DENEGAR AX MATERIAL ESCOLAR BRAHIM EL MOUSSAOUI	03/12/2021	3.992
Decreto de Alcaldía	CUBERTA DO PARQUE INFANTIL 23 DE NOVEMBRO	03/12/2021	3.993
Decreto de Alcaldía	CF_ CURSOS FORMACION 2021	03/12/2021	3.994
Decreto de Alcaldía	RA DEMANDA RECONOCIMIENTO CONDICION PERSONAL LABORAL FIJO (MARIA ISABEL LOPEZ GARCIA)	03/12/2021	3.995
Decreto de Alcaldía	CF_ CURSOS FORMACION 2021	03/12/2021	3.996
Decreto de Alcaldía	RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DE USO PÚBLICO EXISTENTE NA AULA DE INFORMÁTICA DA BIBLIOTECA DO ALTO DO CASTIÑEIRO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL E XESTIÓN DO MESMO	03/12/2021	3.997
Decreto de Alcaldía	SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, TRABALLOS DE MANTEMENTO BÁSICO E SERVIZO DE CONSERXERÍA DOS PAVILLÓNS CAMPO DA SERRA E AS LAGOAS	03/12/2021	3.998
Decreto de Alcaldía	CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE NARÓN	03/12/2021	3.999
Decreto de Alcaldía	R.A. APROBATORIA ACORDO 2021	03/12/2021	4.000
Decreto de Alcaldía	RESOLUCION CT-42/2021	03/12/2021	4.001
Decreto de Alcaldía	RS_ RECOÑECEMENTO DE SERVIZOS PRESTADOS	03/12/2021	4.002
Decreto de Alcaldía	CF_ CURSOS FORMACION 2021 AGASP	03/12/2021	4.003
Decreto de Alcaldía	SERVIZO DE XESTIÓN E MANTEMENTO DO SISTEMA DE BICICLETAS DE USO PÚBLICO DOS CONCELLOS DE FERROL E NARÓN. EXERCIZO 2021.	03/12/2021	4.004
Decreto de Alcaldía	Resolución sancionadora de tráfico	03/12/2021	4.005
Decreto de Alcaldía	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 LUZ MARÍA MARTÍNEZ REY	09/12/2021	4.006
Decreto de Alcaldía	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 AMAYA MARÍA LÓPEZ MENCHACA	09/12/2021	4.007
Decreto de Alcaldía	R.A AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 SOFÍA PICOS RODRÍGUEZ	09/12/2021	4.008
Decreto de Alcaldía	R.A.AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022. BEATRIZ GARCÍA GALDO	09/12/2021	4.009
Decreto de Alcaldía	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 VICTOR DIATTA DIATTA	09/12/2021	4.010
Decreto de Alcaldía	R.A AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ROCÍO BARRO CASAL	09/12/2021	4.011
Decreto de Alcaldía	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 CAROLINA RODRÍGUEZ PERMUJ	09/12/2021	4.012
Decreto de	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ERIKA CASTRO CALVO	09/12/2021	4.013

Alcaldia			
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-43/2021	09/12/2021	4.014
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 BEATRIZ ARGÚELLES CAMPELO	09/12/2021	4.015
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ESTHER RODRÍGUEZ LÓPEZ	09/12/2021	4.016
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ABDELHAK NOUALI MOULAY	09/12/2021	4.017
Decreto de Alcaldia	ANULACION IMPOSICION DE SANCION	09/12/2021	4.018
Decreto de Alcaldia	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, OS CONCELLOS DE ARTEIXO, A CORUÑA, NARÓN, POIO E PONTEVEDRA PARA A OBTENCIÓN DE IMAXES AÉREAS DE ALTA RESOLUCIÓN XEORREFERENCIADAS.	09/12/2021	4.019
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION ACEPTACION SUBVENCION PARA O PROXECTO "NARON EMPRENDE EN AZUL" (GALP)	09/12/2021	4.020
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ELVIA BEATRIZ GODOY HERRERA	09/12/2021	4.021
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 SULAMITA JIMENEZ MONTEIRO	09/12/2021	4.022
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 RAQUEL SILVA BORJA	09/12/2021	4.023
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 FIONELLA CARHUAYAL RONDON	09/12/2021	4.024
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 JAVIER MOHAMED MERZOK	09/12/2021	4.025
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 MONTSERRAT PIÑÓN CASTRO	09/12/2021	4.026
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 CARLA YOHANA CALDERÓN MARTÍNEZ	09/12/2021	4.027
Decreto de Alcaldia	R.A AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 VERÓNICA ARAUJO RODRÍGUEZ	09/12/2021	4.028
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ALEJANDRA VARGAS FERNÁNDEZ	09/12/2021	4.029
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ESTEFANÍA PITA FORTUNA	09/12/2021	4.030
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 EVA MARÍA ABELLA ANCA	09/12/2021	4.031
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 ESTELA VÁZQUEZ COUCE	09/12/2021	4.032
Decreto de Alcaldia	LOXÍSTICA E CONSTRUCCIÓN ESCENOGRÁFICA PARA O EVENTO DO RECIBIMENTO DOS REIS MAGOS 2022	09/12/2021	4.033
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 BEGOÑA IGLESIAS IGLESIAS	09/12/2021	4.034
Decreto de Alcaldia	R.A. AXUDA MATERIAL ESCOLAR 2021/2022 BERTA MARÍA TARRÍO PEREIRA	09/12/2021	4.035
Decreto de Alcaldia	APROBACION CERTIFICACION FINAL ACTUACIÓNS A REALIZAR NO CENTRO DE FORMACIÓN IRMÁNS FROILAZ PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE	09/12/2021	4.036
